



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 27 de abril de 2023 (1433/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(289).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de abril de 2023 e extraordinaria e urxente do 21 de abril de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(290).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6880/241.**

Visto o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa do servizo de Contratación, a concelleira delegada de Contratación e coa conformidade da letrada-titular da asesoría xurídica, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (PCAP) (expte. 14.428-306)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (PPT) (expte. 14.428-306)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 12 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación (14.428-306), os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo.

**Segundo.-** O 30 de abril de 2020 a XGL adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“[...] Adxudicar a SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L. (B-70.608.278) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 1.766.253,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 306.539,94 euros euros.*
- b) *Comprométese a por a disposición do servizo 300 horas cada ano no período estival.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse en documento administrativo o 26 de maio de 2020, cunha duración de tres anos. Os servizos obxecto deste contrato prestaranse do 15 de xuño ao 15 de setembro de cada unha das anualidades. Contéplanse dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha (apartado 4 do anexo I-FEC- do PCAP).

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 26 de maio de 2022, aprobou a primeira modificación deste contrato para a incorporación do areal de Santa Baia. A modificación supuxo un incremento anual do importe total do contrato de 31.791,76 euros (IVE incluído), que representa un 1,80% do prezo do contrato. Formalizouse en documento administrativo o 15 de xuño de 2022 (expediente nº 6.779/241).

**Quinto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 8 de setembro de 2022, aprobou a primeira prórroga anual, para o ano 2023 (período de prestación dos servizos de 15 de xuño a 15 de setembro), *“por un importe anual de 630.604,51 euros IVE 21% engadido, dos que 356.627,16€ serían con cargo á partida 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” e 273.977,35€ con cargo á partida 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias””* (expediente 14.428-306).

**Sexto.-** O 14 de marzo de 2023 o xefe do servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da concelleira delegada, solicita o inicio dun expediente para a segunda modificación deste contrato por mor da necesidade de incluír no listado de areais o areal do Adro e pola ampliación dos servizos de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areais e Samil e o Vao do 1 ao 15 de setembro.

**Sétimo.-** Con data 12 de abril de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato (expediente 6.880-241). Esta resolución foi notificada ao contratista ao día seguinte.

**Oitavo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, mediante escrito presentado o 13 de abril de 2023 (documento nº 230088866), este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).



## Concello de Vigo

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato (apartado 15.C da FEC), cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- *“Modificación do horario previsto da prestación do servizo, reducindo ou aumentando o número de horas nas praias indicadas no prego de prescricións técnicas.*
- *Modificación das praias nas que se prestará o servizo previstas no prego de prescricións técnicas, ben por retirada do servizo nalgunha delas, ou por incorporación do servizo noutras.*
- *Variación significativa das incidencias acontecidas de atención aos usuarios na tempada estival nos distintos areais.*
- *Variación na solicitude ou outorgamento de bandeiras azuis por ADEAC.*
- *Variación das zonas sanitarias habilitadas para o baño.*
- *Incremento ou diminución de módulos móbiles en praias, en función da modificación das praias nas que se prestará o servizo ou por necesidades do servizo”.*

Sinalando como aspectos a modificar *“importe máximo do prezo do contrato”* (apartado 15.B da FEC) e establecéndose como límite que a modificación non

poderá superar o 15% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola necesidade de incluír no listado de areas o areal do Adro e pola ampliación dos servizos de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areas e Samil e o Vao do 1 ao 15 de setembro.

Informa ao respecto o xefe do servizo xestor, en data 14 de marzo de 2023:

## “II.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato adxudicado contemplaba a prestación dos servizos en dez areas do termo municipal de Vigo: “Rodas (Illas Cíes), Fortiñón (Saiáns), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontaiña (Coruxo), Samil, Argazada, O Tombo do Gato, Carril (Alcabre), A Punta (Teis), ampliándose o areal de Santa Baía no ano 2022.

Este servizos préstanse en cumprimento do establecido no artigo o 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, que establece como competencias dos concellos na época estival, entre outras, a o salvamento e seguridade das persoas na época de baño. Tamén, A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

2.- O Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, cataloga á praia de “O Adro” no concello de Vigo como “urbana” en cumprimento do disposto no artigo 33.6 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, no artigo 67 e na disposición transitoria vixésimocuarta do Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, de 10 de outubro.

3.- A Resolución de 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da publicidade o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (Sapraga), (DOG 22/11/2021) o cal renova e actualiza o anterior plan Sapraga do ano 2001, inicial do ano 1995.

O Concello de Vigo leva adherido ó Plan SAPRAGA dende os seus inicios.

O apartado 2 do Plan sinala que “corresponde ós concellos vixiar a observancia nos lugares de baño das normas e instrucións para a Seguridade humana.”

As praias que o Concello de Vigo adhira ó dito plan deben estar incluídas no censo de augas de baño do Servizo Galego de Saúde, Sergas, e contar con servizos de socorrismo para as de categoría 1 e sendo aconsellable para as de categoría 2.

O areal de O Adro en Bouzas segundo o establecido no devandito Plan Sapraga do ano 2021, ten a cualificación da calidade de auga de EXCELENTE e está incluída na



## Concello de Vigo

*CATEGORÍA 2 pola de afluencia de usuarios media polo que é aconsellable que conte con servizos de socorrismo de acordo co citado plan.*

*Este areal posúe 450 metros de lonxitude e 10 metros de ancho.*

*Prevese, tamén, que coa reforma do paseo Paz Andrade, lindante co areal de O Adro, que está a executar o Concello e que rematará antes de inicio do período estival 2023, vai a supor un incremento dos usuarios deste areal.*

*4.- Tamén, segundo consta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/01/2023 (expte. 16343/306), o Concello de Vigo solicitou o galardón medio ambiental de bandeira azul para o areal de O Adro para esta tempada 2023, polo que resulta necesario a prestación do servizo de salvamento e socorrismo neste areal segundo os compromisos esixidos para obter dito galardón.*

*5.- Por último, o contrato vixente inclúe a prestación dos servizos seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areais e Samil e o Vao durante os meses de xullo e agosto. Tendo en consideración o incremento na demanda destes servizos e diversas peticións de usuarios considérase procedente ampliar estes servizos do 1 ao 15 de setembro neste areais.*

*Por tanto, as xustificacións expostas encádranse dentro dos supostos do apartado 15 do anexo I das FEC do PCAP que rexe o contrato para a modificación contractual ampliación servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios no areal de O Adro e ampliación dos servizos de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areais e Samil e o Vao do 1 ao 15 de setembro:*

*- Modificación das praias nas que se prestará o servizo previstas no prego de prescricións técnicas, ben por retirada do servizo nalgunha delas, ou por incorporación do servizo noutras.*

*- Variación na solicitude ou outorgamento de bandeiras azuis por ADEAC.*

*- Incremento ou diminución de módulos móbiles en praias, en función da modificación das praias nas que se prestará o servizo ou por necesidades do servizo.*

*- Modificación do horario previsto da prestación do servizo, reducindo ou aumentando o número de horas nas praias indicadas no prego de prescricións técnicas.*

### III.- AMPLIACIÓN DE SERVICIOS E IMPORTE DO INCREMENTO DO PREZO DO CONTRATO

*A proposta de ampliación dos servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida efectúase nos termos de horario, persoal e medios materias existente nas praias de Vigo con carácter xeral e cuxas praias presentan características semellantes a que é obxecto de ampliación da prestación do servizo.*

As ampliación dos servizos que se propoñen son os seguintes:

A) AREAL DE O ADRO:

1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

- Horario do 15 a 30 de xuño e de 1 a 15 de setembro: Fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.

- Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.

- Número de socorristas acuáticos: 2

2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 112 h.

Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 2 persoas = 574 h.

Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 294 h.

70 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 2 persoas = 105 h.

Total horas anuais: 1.085 h de socorristas acuáticos

3.- Un módulo mixto en o Adro como mínimo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:

Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.

4.- Incremento do prezo anual do contrato:

1.085 horas de socorrista acuático x 15€/h = 16.275 euros.

1 módulo mixto x 620,56 euros/mes x 3 meses = 1.861,68 euros.

Total incremento anual: 18.136,68 euros + (IVA 21%) 3.808,70€ = 21.945,38 euros.

B) AREAIS DE SAMIL E VAO:

1.- Accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida.

- Horario do 1 a 15 de setembro:

Días laborais de 16:00 a 20:00 horas.

Fins de semana e festivos de 11:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 horas.

- Número de monitores: 4

2.- Horas de servizo persoal accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida:

Setembro: 11 días laborais x 4 h x 4 persoas = 176 h.

Setembro: 4 días fins de semana e festivos x 7 x 4 persoas = 112 h.

4 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 4 persoas = 12 h.

Total horas anuais: 300 h de monitores

3.- Un módulo mixto en O Vao e un módulo mixto en Samil entre o 1 e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:

Largo: 6,20 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1 de anchura maior a 90 cm; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.





## Concello de Vigo

4.- Incremento do prezo anual do contrato:

300 horas de monitor x 15€/h = 4.500 euros.

2 módulos mixtos x 620,56 euros/mes x 0,5 meses = 620,56 euros.

Total incremento anual: 5.120,56 euros + (IVA 21%) 1.075,32€ = 6.195,88 euros.

Por tanto, o importe total anual da modificación ascendería a 28.141,26 euros.

Este importe supón un incremento do 1,59% do prezo do contrato, que co 1,80% de incremento aprobado no expediente 6779/241, supón un total de 3,39%, moi inferior ó 15% do prezo do contrato establecido como máximo para a modificación deste contrato.

As partidas de gasto para facer fronte ó incremento do prezo do contrato son:

- 21.945,38 euros con cargo á partida 1720.227.01.00 "Vixilancia Praias"

- 6.195,88 euros con cargo á partida 1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias".

Por todo exposto, remítase ó Servizo de Contratación para a tramitación da modificación contractual interesada de ampliación servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios no areal de O Adro e ampliación dos servizos de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areais e Samil e o Vao do 1 ao 15 de setembro".

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece ao incremento do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios pola inclusión do areal do Adro no listado de areais deste contrato e á ampliación dos servizos de accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida nos areais e Samil e o Vao do 1 ao 15 de setembro concorrendo catro das seis circunstancias recollidas no PCAP:
  1. "Modificación do horario previsto da prestación do servizo, reducindo ou aumentando o número de horas nas praias indicadas no prego de prescricións técnicas".
  2. "Modificación das praias nas que se prestará o servizo previstas no prego de prescricións técnicas, ben por retirada do servizo nalgunha delas, ou por incorporación do servizo noutras".
  3. "Variación na solicitude ou outorgamento de bandeiras azuis por ADEAC".
  4. "Incremento ou diminución de módulos móbiles en praias, en función da modificación das praias nas que se prestará o servizo ou por necesidades do servizo".
- Supón un incremento do prezo anual do contrato de 28.141,26 euros, que equivale ao un 1,59% do prezo do contrato.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

**-III-**

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, así como facilitar o acceso ao baño para persoas con mobilidade reducida no período estival, competencias que está autorizado a prestar tendo en conta o disposto no artigo 115.d da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e na Lei galega 5/2014, de 27 de maio, que permite as concellos seguir prestando servizos xa establecidos, circunstancia que concorre neste suposto.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 28.141,26 euros, que se imputarán ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 1720.227.01.00 “Vixilancia Praias” ( 21.945,38 euros)
- 1720.227.99.05 “Asistencia Sanitaria Praias” (6.195,88 euros)

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será



## Concello de Vigo

obligatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se soliciten con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, ao tratarse dun servizo do Anexo IV da LCSP, non é necesaria a publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.

### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 1.162,86 euros.

### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao

ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

## **-VI-**

### **Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## **-VII-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 20 de xuño de 2019.

## **-VIII-**

### **Proposta de resolución**



## Concello de Vigo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (expediente 14.428-306), incluíndo o areal do Adro nos seguintes termos:*

### *A) AREAL DO ADRO:*

*1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.*

*- Horario do 15 a 30 de xuño e de 1 a 15 de setembro: Fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.*

*- Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.*

*- Número de socorristas acuáticos: 2*

*2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.*

*Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 112 h.*

*Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 2 persoas = 574 h.*

*Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 294 h.*

*70 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 2 persoas = 105 h.*

*Total horas anuais: 1.085 h de socorristas acuáticos*

*3.- Un módulo mixto en o Adro como mínimo entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:*

*Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.*

*4.- Incremento do prezo anual do contrato:*

*1.085 horas de socorrista acuático x 15€/h = 16.275 euros.*

*1 módulo mixto x 620,56 euros/mes x 3 meses = 1.861,68 euros.*

*Total incremento anual: 18.136,68 euros + (IVA 21%) 3.808,70€ = 21.945,38 euros.*

### *B) AREAIS DE SAMIL E VAO:*

1.- *Accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida.*

- *Horario do 1 a 15 de setembro:*

*Días laborais de 16:00 a 20:00 horas.*

*Fins de semana e festivos de 11:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00 horas.*

- *Número de monitores: 4*

2.- *Horas de servizo persoal accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida:*

*Setembro: 11 días laborais x 4 h x 4 persoas = 176 h.*

*Setembro: 4 días fins de semana e festivos x 7 x 4 persoas = 112 h.*

*4 días con xornada de máis de 5 horas x 0,75 h descanso retribuída día segundo C.C. sector x 4 persoas = 12 h.*

*Total horas anuais: 300 h de monitores*

3.- *Un módulo mixto en O Vao e un módulo mixto en Samil entre o 1 e o 15 de setembro, coas seguintes características aproximadas:*

*Largo: 6,20 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1 de anchura maior a 90 cm; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.*

4.- *Incremento do prezo anual do contrato:*

*300 horas de monitor x 15€/h = 4.500 euros.*

*2 módulos mixtos x 620,56 euros/mes x 0,5 meses = 620,56 euros.*

*Total incremento anual: 5.120,56 euros + (IVA 21%) 1.075,32€ = 6.195,88 euros.*

2º.- *Esta segunda modificación supón un incremento do importe total do contrato de 28.141,26 euros (IVE incluído), que representa un 1,59%, que sumado ao 1,80% da primeira modificación, fan un total de 3,39%. (dentro do límite do 15% recollido no apartado 15D das FEC do PCAP). Aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:*

- *1720.227.01.00 "Vixilancia Praias" ( 21.945,38 euros)*
- *1720.227.99.05 "Asistencia Sanitaria Praias" (6.195,88 euros)*

3º.- *Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 1.162,86 euros.*

4º.- *Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante".*



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(291).- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2, 3, 4 E 6 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NO ANO 2023 NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 29247/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/04/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) (lotes 1, 2, 3, 4 e 6)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano de 2023 nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 06/02/2023, redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas*

particulares de data 16/02/2023, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 166.074,61 euros IVE incluído, para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego, por procedemento aberto, con cargo á aplicacións orzamentarias 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios) e 3230.203.0000 (Aluguer de maquinaria) do vixente exercicio orzamentario do Servizo de Educación.

O valor estimado do contrato estipúlase en 137.251,74 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 23 de marzo de 2023, acordou:

“Declarar deserto o lote 5 “Materiais para carpintería de aluminio” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) porque o único licitador presentou a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación”.

**Terceiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 5 de abril de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por GARCIVENTA, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29247-332) na seguinte orde descendente:

LOTE 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros.

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	85,52
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	43,11

LOTE 2: Materiais para útiles e consumibles.





## Concello de Vigo

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	82,55
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	58,91

*LOTE 3: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios.*

	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1º	GARCIVENTA S.L.	100,00
2º	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO S.L.	87,20
3º	SUMINISTROS PUNTO FIJO S.L.	53,82

*LOTE 4: Materiais para carpintería de madeira.*

*1- GARCIVENTA S.L. cun total de 100,00 puntos.*

*LOTE 6: Aluguer de maquinaria.*

*1- GARCIVENTA S.L. cun total de 100,00 puntos.*

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L. (B36797470) (Lotes 1, 2, 3, 4 e 6), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Cuarto.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 4 e 6, GARCIVENTA, S.L., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 13 e 18 de abril, dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, GARCIVENTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCIVENTA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 30 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GARCIVENTA, S.L. (B-36.797.470) os lotes 1, 2, 3, 4 e 6 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote 1 “Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros” é de 23.015,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.994,47 euros cunha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.*
- b) *O prezo total do lote 2 “Materiais para útiles e consumibles” é de 3.118,42 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 541,21 euros cunha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 27 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.*



## Concello de Vigo

- c) *O prezo total do lote 3 “Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios” é de 49.818,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.646,23 euros cunha baixa proporcional única do 21 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 21 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.*
- d) *O prezo total do lote 4 “Materiais para carpintería de madeira” é de 80.069,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.896,41 euros cunha baixa proporcional única do 23 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 23 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.*
- e) *O prezo total do lote 6 “Aluguer de maquinaria” é de 5.256,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 912,25 euros cunha baixa proporcional única do 12 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios e unha baixa proporcional única do 12 % a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos deste lote.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de adxudicación.

#### **4(292).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE ILLAS CÍES TENIS DE MESA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22451/333.**

Visto o informe xurídico do 05/04/2023 e o informe de fiscalización do 17/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado polo técnico de Deportes, o xefe do servizo de deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22451/333, e atendendo ás observacións detalladas pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

- 1.** Engadiuse na parte expositiva da proposta o seguinte parágrafo:

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art.

31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800002 a favor da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva ILLAS CÍES TENIS DE MESA conta cun equipo de elite na modalidade de tenis de mesa na categoría División de Honra feminina e segunda Liga Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra feminina e segunda Liga Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.



## Concello de Vigo

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800002 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado



## Concello de Vigo

solicitud xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva ILLAS CÍES TENIS DE MESA para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA co CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martín Echegaray nº6 planta En 36209, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22451-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800002 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ILLAS CÍES TENIS DE MESA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22451/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, Dna. Luisa Barreiro Alonso como presidenta da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA CIF: G27849090 e enderezo social en Rúa Martin Echegaray nº6 planta En 36209, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22451/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra feminina e segunda Liga Nacional, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do tenis de mesa en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.





## Concello de Vigo

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva ILLAS CÍES TENIS DE MESA.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA na tempada deportiva 2022-2023.

**VI.-** Que a entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22451/333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a ILLAS CÍES TENIS DE MESA conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de tenis de mesa, na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:



## Concello de Vigo

1º.- Colaborar coa entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade ILLAS CÍES TENIS DE MESA unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800002 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos



## Concello de Vigo

xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os



## Concello de Vigo

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **5(293).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2023. EXPTE. 22459/333.**

Visto o informe xurídico do 04/04/2023 e o informe de fiscalización do 17/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/02/2023, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800005 a favor da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS en relación á organización do evento deportivo RALLY RÍAS BAIXAS 2023.

Esta actividade no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade de Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascende a un total de 184.100,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollido como Anexo da documentación presentada pola entidade o 22.02.2023.





## Concello de Vigo

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410. 4800005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A vixencia deste convenio é pola organización do evento deportivo “Rally Rias Baixas 2023”, tendo a obriga de presentar a documentación para a súa xustificación, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023. A data prevista de celebración do evento poderá verse modificada por motivos organizativos e de forza maior xustificada, sen que se vexa afectado o clausulado do convenio así como as obrigas nas que se comprometen as partes e os aspectos formais e legais do expediente de concesión da subvención. En todo caso, non poderá superarse a data fixada para a obriga de presentar a documentación xustificativa.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso



## Concello de Vigo

de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 pola organización do evento deportivo RALLY RÍAS BAIXAS 2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€, previsto na partida orzamentaria 3410.4800005, a favor da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 e enderezo social na rúa 1a TRAVESIA CORDOEIRA, 19, 36208, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800005 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO RALLY RÍAS BAIXAS 2023 (EXPT. 22459/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. José Fernando Mouriño Sío como presidente da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS, CIF: G36645398 e enderezo social na rúa 1a TRAVESIA CORDOEIRA, 19, 36208, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22459/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **RALLY RÍAS BAIXAS 2023**, organizado pola entidade deportiva **ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-A entidade deportiva **ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS** organiza o evento **RALLY RÍAS BAIXAS 2023** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O Rally Rías Baixas ten mais de medio século de historia, sendo o Rally máis coñecido e emblemático a nivel autonómico e dos mais importantes a nivel nacional, formando parte da "Copa de España de Rallyes". Mantén a cidade de Vigo como centro neurálxico a nivel organizativo e directivo e localización da cerimonia de saída.

O evento deportivo na súa edición número 56 reunirá a 200 deportistas, mais de 180 profesionais acreditados de 90 medios de prensa, unha organización de 100 persoas e 600 voluntarios, cronometradores, responsables de ruta, peches de tramos, máis de 80 camións taller de todos os participantes de España, Francia e Portugal que poderán participar no evento, coa colaboración de protección civil, grada civil ou servizos sanitarios, para un evento totalmente gratuíto o aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.



## Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do RALLY RÍAS BAIXAS 2023 da entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS..

**VI.-** Que a entidade ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22459/333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade Escudería Rías Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o “Rally Rías Baixas 2023”, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Escudería Rías Baixas unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca súa organización do evento deportivo “Rally Rías Baixas 2023”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21



## Concello de Vigo

de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu

a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.





## Concello de Vigo

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Rally Rías Baixas 2023”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.



## Concello de Vigo

2. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **6(294).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE C.D. BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22444/333.**

Visto o informe xurídico do 04/04/2023 e o informe de fiscalización do 24/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/2023, asinado polo técnico do servizo de Deportes, o xefe do servizo de deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 90.000,00€ prevista na partida orzamentaria 34104890005 a favor da entidade C.D. BOSCO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. BOSCO conta cun equipo de elite na modalidade de BALONCESTO na categoría Liga Challenge Feminina. A actividade deste equipo na competición supón un

valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Challenge Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. BOSCO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover*



## Concello de Vigo

*actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. BOSCO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 34104890005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. BOSCO durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva C.D. BOSCO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 90.000,00€ a favor da entidade C.D. BOSCO co CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda de Don Bosco, 33 (36202), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa



## Concello de Vigo

secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22444-333. Este crédito é con cargo á partida 34104890005 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22444-333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Juan Carlos Álvarez Pacios con DNI 34927761F como presidente da entidade CLUB DEPORTIVO BOSCO CIF: G36692317 e enderezo social na rúa Ronda de Don Bosco, 33, Bj (CP 36202), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22444-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C.D. BOSCO durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Challenge Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. BOSCO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. BOSCO impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do BALONCESTO en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 34104890005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 90.000,00€, a favor da entidade deportiva C.D. BOSCO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C.D. BOSCO na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade C.D. BOSCO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22444-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C.D. BOSCO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade C.D. BOSCO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:





## Concello de Vigo

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de BALONCESTO na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. BOSCO na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. BOSCO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. BOSCO unha subvención por importe de 90000€ con cargo á partida orzamentaria 34104890005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.



## Concello de Vigo

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente



## Concello de Vigo

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.



## Concello de Vigo

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **7(295).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE UNIÓN BALONMÁN LAVADORES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22449/333.**

Visto o informe xurídico do 05/04/2023 e o informe de fiscalización do 24/04/2023., dáse conta do informe-proposta de data 23/03/2023, asinado polo técnico de Deportes, o xefe do servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22449/333, e atendendo ás observacións detalladas pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

#### **1. Engadiuse na parte expositiva da proposta o seguinte parágrafo:**

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800001 a favor da entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva UNIÓN BALONMÁN LAVADORES conta cun equipo de elite na modalidade de Balonmán na categoría División de honra prata feminina. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de honra prata feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.





## Concello de Vigo

- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados*

*inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800001 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:



## Concello de Vigo

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva **UNIÓN BALONMÁN LAVADORES** para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00 € a favor da entidade **UNIÓN BALONMÁN LAVADORES** co CIF: G36810075 e enderezo social en Rúa Pateira, 17 bloque 13 baixo 7a, (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22449-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800001 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE UNIÓN BALONMÁN LAVADORES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22449/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Iván Pérez Souza como presidente da entidade **UNIÓN BALONMÁN LAVADORES** CIF: G36810075 e enderezo social en Rúa Pateira, 17 bloque 13 baixo 7a, (36214), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 22449/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade **UNIÓN BALONMÁN LAVADORES** durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de honra prata feminina, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do BALONMÁN en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800001 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva UNIÓN BALONMÁN LAVADORES.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas



## Concello de Vigo

pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22449/333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o UNIÓN BALONMÁN LAVADORES conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de BALONMÁN na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade UNIÓN BALONMÁN LAVADORES unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800001 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21



## Concello de Vigo

de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.





## Concello de Vigo

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa

recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita



## Concello de Vigo

cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima primeira.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

### **8(296).- REINTEGRO TOTAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CONTRATACIÓN 2022 CONCEDIDA A M. J. ESTÉVEZ MAGARIÑOS. EXPTE. 19911/77.**

Visto o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe proposta de data 29/03/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022.

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 27.05.2022 e documento co núm. de rexistro 220116310 a entidade María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2022 xunto coa documentación necesaria requirida na solicitude do Programa Contratacións.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 15.09.2022, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 3.900,00 €.

Con data do 19.09.2022 e rexistro de saída número 177523-2022-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 22.09.2022 e documento co núm. de rexistro 220227803 a entidade María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 19627/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 10.01.2023 e documento co núm. de rexistro 230025964, María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C comunica a súa renuncia á axuda que se lle concedeu aos efectos oportunos.

A Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022 resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro da subvención concedida a María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022 (expte. 19911/77).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022, expediente 18280/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. *Obrigas*:

- no apartado a.4.2.: *“Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- na Base 5ª, apartado a) *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro*: *“O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

*No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.*

*O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a*



## Concello de Vigo

*co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.”*

- na Base 5ª, apartado b) *Renuncia: “A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.”*

### **- Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio do expediente 19911/77, asinada pola Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data do 06.02.2023, ao inicio do procedemento de reintegro total da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 a prol de María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2022.

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego en data do 21.02.2023, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 22.02.2023 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 19911/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 19260/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 19627/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verificase que

–a empresa solicitou unha axuda pola contratación da traballadora L. Paz de Jesús desde o 01/06/2022.

–a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 16.11.2022.

–Con data do 10.01.2023 a empresa comunica a renuncia a axuda concedida a través do documento 230025964.

Xa que logo, conforme á base 5ª a) e b), resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO TOTAL por importe de 3.900,00€ á entidade María Jesús Estévez Magariños co NIF 36132376C e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	16/11/2022	Importe para o cálculo:	<b>3.900,00 €</b>
Data fin do cálculo:	23/03/2023	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
17/11/2022	31/12/2022	45	3,75	3.900,00	18,03
01/01/2023	23/03/2023	82	4,06	3.900,00	35,58
<b>Importe total</b>					<b>3.953,61€</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación



## Concello de Vigo

presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 06.09.2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirir o reintegro total da subvención por importe de **3.900,00€**, outorgada á empresa María Jesús Estévez Magariños (36132376C) mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022, e **53,61€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 19911/77), correspondente á renuncia presentada pola beneficiaria no documento núm. 230025964.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(297).- ABOAMENTO DE DIETAS DE ASISTENCIA DOS MIEMBROS DAS COMISIONS DE SELECCIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022. EXPTE. 19973/77.**

Visto o informe de fiscalización do 20/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

I. A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022**, acordou aprobar as **BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022, expediente 19612-77.**

**1) Na base 12 “COMISIÓN DE SELECCIÓN”**

- O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
  - **Composición:**
    - A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
    - Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
    - Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.
  - Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do **TREBEP**.
  - A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan resentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
  - Todos os membros da Comisión de Selección serán propostos pola Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
  - O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.
  - Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirse Acta co listado do persoal seleccionado.
  - A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario.





## Concello de Vigo

- Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.
- A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais .

II. Estímose necesaria a constitución de polo menos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns-Ordenanza
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais)

III. En data 7/11/2022 e coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, se habilitou un procedemento para a elaboración dunha bolsa de empregados municipais interesados en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Plan Municipal de Emprego; razón pola que se procedeu á apertura dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do aviso na Intranet Municipal, para que todo aquel persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas comisións, remitiran a súa solicitude por correo electrónico (util.oficina@vigo.org).

O anuncio inseriuse na Intranet municipal o pasado 8 de novembro de 2022, téndose achegado diversas solicitudes do persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Programa Vigo Emprega nos termos e condicións do disposto no artigo 60 do TREBEP, para comparecer a título individual e cumprindo cos requisitos esixidos de necesaria especialización para o desenvolvemento das súas labores de selección e pleno respecto aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

Tras a realización do sorteo e de conformidade ca proposta formulada por este servizo xestor, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022**, adoptou o seguinte acordo :

“Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do Plan Municipal de Emprego 2022 de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/10/2022 (BOP núm. 208 de 31/10/2022 e DOG núm. 214 de 10/11/2022):

- **Comisión 1: Selección de Capataces:**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
Suplente:	Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
<b>Secretaria:</b>	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
Suplente:	Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Técnica de Administración Xeral
<b>Vogais:</b>	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	José Antonio Pérez Rodríguez	Laboral	C1	Adxunto coordinador servizo
	José Antonio España Piñeiro	Funcionario	C1	Inspector de Medio Ambiente
Suplentes:	Alfonso Alonso Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado técnico
	Aránzazu González Soengas	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais

○ **Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios**

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
Suplente:	María José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial coidador de mantemento e control
<b>Secretaria:</b>	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente:	Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	Funcionaria	C1	Técnica Administrativa
<b>Vogais:</b>	Juan Martínez García	Laboral	C2	Oficial mecánico
	Manuel Alonso Areses	Laboral	C2	Oficial mecánico
	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Axudante técnico
Suplentes:	Fidel Goberna Trigo	Laboral	C2	Oficial de oficios
	Juan Ramón López Rivera	Laboral	C2	Oficial pavimentador
	Jesús Carballo Margariños	Laboral	C2	Oficial condutor

○ **Comisión 3: Selección de peóns:**

<b>Presidenta:</b>	Rosa Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
Suplente:	Oscar Molares Bargiela	Laboral	C2	Oficial condutor
<b>Secretaria:</b>	María Bilbao Echegaray	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente:	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Miriam Rodríguez Pérez	Funcionaria	E	Subalterna Ordenanza -Porteira
	David Graña Feijoo	Laboral	C2	Oficial condutor
	José Manuel Martínez Vieitez	Laboral	C2	Oficial albanel
Suplentes:	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Mantemento
	Juan Ramón López Rivera	Laboral	C2	Oficial pavimentador
	Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Auxiliar de servizos internos/Auxiliar de arquivo

○ **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):**

<b>Presidenta:</b>	Rosa Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
Suplente:	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado técnico
<b>Secretaria:</b>	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Suplente:	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Sarai Noa Aguirre Lamparte	Funcionaria	A2	Arquitecta técnica
	Mª Dolores Vietes Alen	Funcionaria	A2	Adxunta dirección de ingresos.
	Mª Isabel Cabeza Pereiro	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais
Suplentes:	Cristina Tapias Bouso	Funcionaria	A1	Enxeñeira industrial
	Aránzazu González Soengas	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais
	Concepción Amboage García	Funcionaria	A2	Traballadora social

- Os membros das Comisións de selección de persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego 2022, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de dezaioito (18) sesións - 3 para Capataces, 6 para Peóns, 3 para Persoal técnico-administrativo e 6 para Oficiais -, cun gasto estimado de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas tribunais", e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2023, o que non altera o normal funcionamento do servizo.



## Concello de Vigo

- As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do Plan municipal de emprego 2022, iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 14 de outubro de 2022, conforme ás *"BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022"*.

4) Unha vez rematado o proceso selectivo e dacordo coas actas asinadas polas Secretarias e resto dos compoñentes presentes dos Órganos de Selección que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, determínase a relación de perceptores das devanditas asistenciaes aos tribunais de selección de *PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022*, que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

Tribunais:

O importe total dietas, supón a cantidade de **5.614,81 €**

## ASESORES/AS TÉCNICOS/AS:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	76,50 €
Asesores especialistas	03: Peóns	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Eugenio Falque Fontán	***2984**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	03: Peóns	Francisco José García Soto	***2961**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorín	***5640**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Rodríguez Torres	***9555**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Jesús Carballo Magariños	***1939**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	José Luis Vázquez de Francisco	***2559**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Luis M. González Portal	***8825**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Roberto de la Iglesias Hernán	***3042**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores técnicos.	03: Peóns	Carlos Juncal Gil	***9241**	4	6	terceira	36,72 €	146,88 €	584,46 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Carlos Juncal Gil	***9241**	7	6	segunda	39,78 €	238,68 €	
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	36,72
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Carlos Juncal Gil	***9241**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Celia de Monasterio roldan	***8847**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	428,40 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	6	6	segunda	39,78 €	238,68 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	6	terceira	36,72 €	110,16 €	351,90 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	351,90 €
Asesores técnicos.	03: Peóns	Xosé Muiños Acuña	***7413**	2	6	terceira	36,72 €	73,44 €	
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Xosé Muiños Acuña	***7413**	4	6	segunda	39,78 €	159,12 €	351,90 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Xosé Muiños Acuña	***7413**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Xosé Muiños Acuña	***7413**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	
<b>TOTAL ASESORES</b>								<b>1.793,16 €</b>	

O importe total dietas dos/as asesores técnicos dos tribunais, supón a cantidade de **1.793,16 €**

## PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A :

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Presidenta/e.	01: Capataces.	Carla Candia Paz	***9745**	1	3	segunda	42,83 €	42,83 €	128,49 €
Presidenta/e.	02: Oficiais de oficios.	Carla Candia Paz	***9745**	2	6	segunda	42,83 €	85,66 €	
Presidenta/e.	01: Capataces.	Javier Bea Puentes	***1978**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Presidenta/e.	04: Técnico administrativo	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Presidenta/e.	02: Oficiais de oficios.	María José Armada Pereira	***6845**	7	6	segunda	42,83 €	256,98 €	256,98
Presidenta/e.	03: Peóns	Rosa Otero Malvárez	***6573**	5	6	terceira	39,78 €	198,90 €	198,9
Secretaría/o	01: Capataces.	Francisco José Escudero González	***7967**	4	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Secretaría/o	03: Peóns	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	***0818**	2	6	terceira	39,78 €	79,56 €	336,54 €
Secretaría/o	02: Oficiais de oficios.	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	***0818**	8	6	segunda	42,83 €	256,98 €	
Secretaría/o	02: Oficiais de oficios.	Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	***9691**	1	6	segunda	42,83 €	42,83 €	42,83
Secretaría/o	03: Peóns	María Bilbao Echegaray	***6481**	3	6	terceira	39,78 €	119,34 €	119,34
Secretaría/o	04: Técnico administrativo	Marta del Castillo Fernández Pacheco	***9312**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Secretaría/o	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	1	6	segunda	42,83 €	42,83 €	42,83
<b>TOTAL PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A.</b>								<b>1.639,87 €</b>	

O importe total dietas dos/as PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A, supón a cantidade de **1.639,87 €**



## Concello de Vigo

### VOGAIS:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Vogal	01: Capataces.	Alfonso Alonso Rodríguez	***2659**	4	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	03: Peóns	David Graña Feijoo	***0974**	5	6	terceira	36,72 €	183,60 €	183,6
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Fidel Goberna Trigo	***6131**	3	6	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	03: Peóns	Francisco José García Soto	***2961**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72
Vogal	01: Capataces.	José Antonio España Piñeiro	***3797**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	01: Capataces.	José Antonio Pérez Rodríguez	***2944**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	01: Capataces.	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	03: Peóns	José Manuel Martínez Viente	***2321**	5	6	terceira	36,72 €	183,60 €	183,6
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Juan Martínez García	***0794**	7	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Juan Ramón López Rivera	***4256**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	04: Técnico administrativo	Mª Dolores Vietes Alen	***0144**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	04: Técnico administrativo	Mª Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Manuel Alonso Areses	***4476**	9	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	8	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	03: Peóns	Miriam Rodríguez Pérez	***9954**	4	6	terceira	36,72 €	146,88 €	146,88
Vogal	01: Capataces.	Roberto Mariño Sanromán	***3711**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56
Vogal	04: Técnico administrativo	Sarai Noa Aguirre Lamparte	***2649**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
<b>TOTAL VOGAIS</b>								<b>2.181,78 €</b>	

O importe total dietas dos/as vogais dos tribunais, supón a cantidade de **2.181,78 €**

O gasto por importe de **5.614,81 €** (3.821,65 € de compoñentes de tribunais e 1793,16 € de Asesores Técnicos e especialistas), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas tribunais”, e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2023, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da A Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 06/09/2022, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

1. Comprometer o gasto de **5.614,81 €** ,que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 2410 2330000
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección dos BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022:

## Tribunais de selección:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Presidenta/e.	01: Capataces.	Carla Candia Paz	***9745**	1	3	segunda	42,83 €	42,83 €	128,49 €
Presidenta/e.	02: Oficiais de oficios.	Carla Candia Paz	***9745**	2	6	segunda	42,83 €	85,66 €	
Presidenta/e.	01: Capataces.	Javier Bea Puentes	***1978**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Presidenta/e.	04: Técnico administrativo	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Presidenta/e.	02: Oficiais de oficios.	María José Armada Pereira	***6845**	7	6	segunda	42,83 €	256,98 €	256,98
Presidenta/e.	03: Peóns	Rosa Otero Malvárez	***6573**	5	6	terceira	39,78 €	198,90 €	198,9
Secretaria/o	01: Capataces.	Francisco José Escudero González	***7967**	4	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Secretaria/o	03: Peóns	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	***0818**	2	6	terceira	39,78 €	79,56 €	336,54 €
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	***0818**	8	6	segunda	42,83 €	256,98 €	
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Mª Concepción Martínez-Murillo Campos	***9691**	1	6	segunda	42,83 €	42,83 €	42,83
Secretaria/o	03: Peóns	María Bilbao Echegaray	***6481**	3	6	terceira	39,78 €	119,34 €	119,34
Secretaria/o	04: Técnico administrativo	Marta del Castillo Fernández Pacheco	***9312**	3	3	segunda	42,83 €	128,49 €	128,49
Secretaria/o	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	1	6	segunda	42,83 €	42,83 €	42,83
<b>TOTAL PRESIDENTE/A E SECRETARIO/A.</b>								<b>1.639,87 €</b>	

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	76,50 €
Asesores especialistas	03: Peóns	Alfonso Conde Rodríguez	***4566**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Eugenio Falque Fontán	***2984**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	03: Peóns	Francisco José García Soto	***2961**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Agulla Amorín	***5640**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Javier Rodríguez Torres	***9555**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Jesús Carballo Magariños	***1939**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	José Luis Vázquez de Francisco	***2559**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Luis M. González Portal	***8825**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores especialistas	02: Oficiais de oficios.	Roberto de la Iglesias Hernán	***3042**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Asesores técnicos.	03: Peóns	Carlos Juncal Gil	***9241**	4	6	terceira	36,72 €	146,88 €	584,46 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Carlos Juncal Gil	***9241**	7	6	segunda	39,78 €	238,68 €	
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Carlos Juncal Gil	***9241**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	36,72
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Carlos Juncal Gil	***9241**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Celia de Monasterio roldan	***8847**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	428,40 €
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	6	6	segunda	39,78 €	238,68 €	
Asesores técnicos.	03: Peóns	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	3	6	terceira	36,72 €	110,16 €	39,78 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Virginia Pereiras Bermejo	***3746**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	73,44 €
Asesores técnicos.	03: Peóns	Xosé Muiños Acuña	***7413**	2	6	terceira	36,72 €	73,44 €	
Asesores técnicos.	02: Oficiais de oficios.	Xosé Muiños Acuña	***7413**	4	6	segunda	39,78 €	159,12 €	351,90 €
Asesores técnicos.	01: Capataces.	Xosé Muiños Acuña	***7413**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	
Asesores técnicos.	04: Técnico administrativo	Xosé Muiños Acuña	***7413**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	
<b>TOTAL ASESORES</b>								<b>1.793,16 €</b>	



## Concello de Vigo

### Aseores técnicos:

Membros dos tribunais e asesores .	Comisión	Nome e apelidos	DNI	Asistencias	Asistencias Máximas	Categoría	Importe Categoría	Totais	Importe total
Vogal	01: Capataces.	Alfonso Alonso Rodríguez	***2659**	4	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	03: Peóns	David Graña Feijoo	***0974**	5	6	terceira	36,72 €	183,60 €	183,6
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Fidel Goberna Trigo	***6131**	3	6	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	03: Peóns	Francisco José García Soto	***2961**	1	6	terceira	36,72 €	36,72 €	36,72
Vogal	01: Capataces.	José Antonio España Piñeiro	***3797**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	01: Capataces.	José Antonio Pérez Rodríguez	***2944**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	01: Capataces.	José Felipe Codesido Rodríguez	***8182**	1	3	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	03: Peóns	José Manuel Martínez Vieitez	***2321**	5	6	terceira	36,72 €	183,60 €	183,6
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Juan Martínez García	***0794**	7	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Juan Ramón López Rivera	***4256**	1	6	segunda	39,78 €	39,78 €	39,78
Vogal	04: Técnico administrativo	M <sup>a</sup> Dolores Vietes Alen	***0144**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	04: Técnico administrativo	M <sup>a</sup> Isabel Cabeza Pereiro	***1467**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Manuel Alonso Areses	***4476**	9	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	02: Oficiais de oficios.	Miguel Ángel Alonso Alonso	***5058**	8	6	segunda	39,78 €	238,68 €	238,68
Vogal	03: Peóns	Miriam Rodríguez Pérez	***9954**	4	6	terceira	36,72 €	146,88 €	146,88
Vogal	01: Capataces.	Roberto Mariño Sanromán	***3711**	2	3	segunda	39,78 €	79,56 €	79,56
Vogal	04: Técnico administrativo	Sarai Noa Aguirre Lamparte	***2649**	3	3	segunda	39,78 €	119,34 €	119,34
<b>TOTAL VOGAIS</b>								<b>2.181,78 €</b>	

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 10(298).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”. EXPTE. 9683/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 19/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

O concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu en data 13 de marzo de 2023 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” que terá lugar en Vigo os vindeiros 11, 12 e 13 de agosto de 2023.

A colaboración entre ambas administracións establecece a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño), prevé a concesión dunha subvención para a organización do festival “O Marisquiño 2023”.

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos Especiales SLU, CIF B-36.957.132, vén realizando a organización do programa “**O Marisquiño**”, de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos cun gran éxito organizativo e de aceptación cidadana que conta cunha grande afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca. (*Achégase a documentación acreditativa no expediente*).

Por todo o exposto, esta previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” por importe de **180.000,00 euros**.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade xa que se ven celebrando dende o ano 2001, e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca (*Achégase documentación acreditativa no expediente*)

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigos 86 da Lei 39/2018, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.





## Concello de Vigo

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47..2.<sup>a</sup>) da LRXSP en tanto que a Deputación de Pontevedra é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta no desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023”, que se disputará entre os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo, cun orzamento previsto de 1.476.000,00 €.

Concretamente o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe aos municipios competencias propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Respecto a Deputación o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación comprométese a achega de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00 €), sen IVE, para a execución do citado proxecto na súa edición do 2023.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para aprobación do acordo en virtude da delegación de facultades outorgada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 modificada por Resolución de data 17.08.2020 en materia de aprobación dos convenios con outras Administracións. a seguinte,

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación a proposta de CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “MARISQUIÑO 2023”, (Achégase proposta no expediente).

**Segundo.-** Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se achega no expediente para o desenvolvemento “Marisquiño 2023”, que se celebrará na cidade de Vigo os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023.

**Terceiro.** Tras a firma do presente convenio procederase a tramitación administrativa conducente ó cumprimento dos termos do convenio.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2023”.

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos



**Concello de Vigo**

## EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolverán accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto mediante programas e actividades de promoción da cultura.

III. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da citada Lei 7/1985, e en concreto aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Pola súa banda, a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV. Que “O Marisquiño”, festival que se vén celebrando en Vigo dende hai 20 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas que puntúan nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Rías Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2023”.

V. Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en *streaming* das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O Marisquiño” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custo como impacto.

VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2023, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

## PACTOS

### PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2023” que terá lugar os días 11,12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo.

### SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€) SEN IVE para facer fronte aos gastos relacionados co festival “O Marisquiño 2023”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 22/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

### TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	TOTAL
2023	180.000,00€

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, CIF B36957132, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas a nome de don Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3º. O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.



## Concello de Vigo

### CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2023” que se desenvolverá os días 11, 12 e 13 de agosto de 2023 en Vigo. A empresa Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refire, prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, para o festival “O Marisquiño 2023”;
  - o Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
  - o Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
  - o Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
  - o Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
  - o Certificación de pagamento a favor de Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, asinada polo tesoureiro do Concello de Vigo;
  - o Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 do novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

### QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), sen IVE, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante

documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

## **SEXTO. PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas á edición do festival “O Marisquiño 2023”, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “O Marisquiño 2023”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da citada Lei 38/2003.

## **SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou/e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.



## Concello de Vigo

### **OITAVO. COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

### **NOVENO. VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2023.

### **DÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- 6º. Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de Ulisesproyect

Eventos Especiales, SLU.

## **UNDÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

### **11(299).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9707/335.**

Visto o informe xurídico do 11/04/2023 e o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais (Expte. Nº 9631-335). Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.





## Concello de Vigo

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven proponendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas:

- a) Programas “**Outono**” e “**Nadal**”.
- b) Programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**”
- c) Programa “**VIGO EN FESTAS** ”

A aprobación das bases que rexe a convocatoria corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior formalización do convenios subscribírase polo Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas en virtude dos decretos da Alcaldía de 26 de xuño de 2018 e de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Polo polo exposto, previo informe xurídico e de fiscalización, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar as bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

**SEGUNDO**:- Ordenar a publicación das bases reguladoras de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, “ VIGO EN FESTAS 2023-2024” no BOP de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **1.- BASES REGULADORAS.**

### **PRIMEIRA.- FUNDAMENTO E CONCEPTO.**

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por este motivo, o servizo de Festas propón a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

### **SEGUNDA.- OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

As presentes bases teñen como obxecto, establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

Terán a consideración de achegas aquelas que de forma voluntaria e no marco do convenio correspondente, efectúen as persoas xurídicas para a realización de actividades de interese sociocultural de competencia municipal. As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias como en especie nos supostos legalmente establecidos.

Serán obxecto de colaboración as actividades de carácter sociocultural relacionadas cos programas do **Anexo I**.

### **TERCEIRA.- FORMA DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL.**

O convenio de colaboración empresarial ten como finalidade a colaboración mediante unha achega económica voluntaria da entidade na realización das actividades programadas polo Concello de Vigo ás que se refire o Anexo I destas bases, sendo a participación do colaborador



## Concello de Vigo

obxecto de difusión, sen que esta publicidade supoña unha contra prestación a dita achega que permita cualificalo como contrato.

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras dos convenios de colaboración empresarial as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias, que terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Deberán formalizarse en documento administrativo, co seguintes contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o convenio.
- c) Definición do obxecto do convenio, con expresión das actividades obxecto de colaboración.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao convenio.
- e) Compromisos asumidos polas partes.
- f) Achegas a realizar polo patrocinador, especificando a súa valoración, prazo e condicións de entrega.
- g) Programa e partida orzamentaria na que se ingresarán as achegas realizadas polo patrocinador.
- h) Prazo de realización das actividades patrocinadas, con expresión das datas estimadas para o seu inicio o finalización.
- i) Prazo de duración do convenio e datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a súa posible prórroga.
- j) Causas de resolución do convenio

### **CUARTA.- ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN.**

Poderase colaborar nas actividades municipais relacionados no **Anexo I** destas bases.

### **QUINTA.- ENTIDADES COLABORADORAS**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

### **SEXTA.- MODALIDADES DAS ACHEGAS.**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como en **especie**. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración.

Sempre que a actividade o permita, as achegas poderán proceder de varios colaboradores. En tales casos, cada colaborador formalizará o seu respectivo convenio de colaboración.

### **SÉTIMA .- PUBLICIDADE E PRAZOS.**

A publicación das convocatorias con conteñen a relación concreta de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOP Pontevedra e na páxina web municipal con arranxo ao seguinte calendario:

a) Para os programas “**Outono**” e “**Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

b) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

c) Para o programa “**VIGO EN FESTAS** ” a publicación queda condicionada á resolución do decreto do Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito .

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 15 días naturais contados dende o día de publicación no BOP Pontevedra.

#### **OITAVA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS**

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo II**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

#### **NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS**

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e, como secretaria, a técnica do servizo.



## Concello de Vigo

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

### **DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCION**

Os datos dos solicitantes e beneficiarios e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS.**

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. As achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os requisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN, SENTIDO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO E RECURSOS.**

Dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ata que se adopta acordo da Xunta de Goberno Local respecto da selección dos colaboradores, non poderá transcorrer máis de tres meses.

En caso de que en dito prazo non se resolva polo órgano competente, entenderase que o sentido do silencio administrativo é negativo.

Contra o acordo da Xunta de Goberno Local poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de notificación ou publicación do acordo, ou ben recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso Administrativa.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN.**

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e rexerese naquilo que non este disposto no mesmo, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, y de los incentivos fiscais o Mecenazgo e en Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario, e de forma supletoria pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector público

## **ANEXO I**

### **ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.**

#### **1.- CABALGATA DE REIS:**

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: determinarase en cada convocatoria

Temática: determinarase en cada convocatoria

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

#### **2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL.**

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e e público xeral desenvolvidos entre o 15 de decembro e o 8 de xaneiro.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

#### **3.-ENTROIDO**

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual



## Concello de Vigo

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

### **4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”.**

Descrición da actividade: Programa de actividades desenvolvidas ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro que comprende: Concertos nacionais e internacionais no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, actividades e espectáculos en diferentes localizacións, festas gastronómicas e outras actividades de interese xeral que poidan ser encadradas no programa “Vigo en Festas”.

As actividades que compoñan o programa “**VIGO EN FESTAS**” estarán recollidas anualmente nun decreto asinado polo Concelleiro de Participación Cidadá e Festas. A convocatoria anual de colaboracións para este programa realizarase unha vez que estea asinado o antedito decreto.

Datas e horarios: Determinaranse no decreto de composición do programa VIGO EN FESTAS

Forma de colaboración: Dadas as diferentes tipoloxías das actividades que compoñen o programa VIGO EN FESTAS, e tendo en conta os diferentes públicos aos que van destinadas (infantil, familiar, xuvenil, etc), as formas de colaboración (dineraria ou en especies) para cada unha das actividades que compoñen o programa, estableceranse na convocatoria anual.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

### **5.- ACTIVIDADES DE OUTONO**

Descrición da actividade: Programa de actividades destinadas ao público infantil e familiar desenvolvidas nos meses de outubro/novembro que comprende: obradoiros infantís e familiares, actuacións musicais, pasacalles, etc.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie**

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

## ANEXO II

**INSTANCIA-FORMULARIO DE  
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES  
SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO  
2023-2024**

**NOME** ..... **DA**  
**ENTIDADE:**.....  
CIF.....ENDEREZO.....  
.....  
LOCALIDADE.....CÓDIGOPOSTAL.....  
.....

**NOME** ..... **DO** ..... **REPRESENTANTE** ..... **LEGAL** ..... **DA**  
**ENTIDADE:**..... NIF.....TELÉFONO  
DE ..... CONTACTO..... CORREO  
ELECTRÓNICO .....

**ACTIVIDADE OU PROGRAMA OBXECTO DE COLABORACIÓN:**

- **VIGO EN FESTAS 2023-2024:**

ACTIVIDADE: .....  
.....

**FORMA DE COLABORACIÓN:**

- **MONETARIA:**  **IMPORTE DA ACHEGA:**.....
- **EN ESPECIE:**  **VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA** .....

*\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.*

En ....., a .....de.....de 2022

Asdo.:

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

**12(300).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES”. EXPTE. 12024/224.**

Visto o informe xurídico do 17/04/2023 e o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 04/04/23 , asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

O obxecto deste contrato de servizos é a “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”.

A Casa das Mulleres de Vigo é un centro dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan, poñendo á súa disposición un equipamento con locais que ofrece un lugar de encontro e de referencia para todas as mulleres, fomentando o encontro, o intercambio de experiencias e as redes de solidariedade entre os distintos colectivos feministas, dando lugar ao fortalecemento do asociacionismo de mulleres.

Neste espazo realízanse xuntanzas, exposicións e relatorios, impártense cursos e outras actividades que promoven a participación e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, unhas veces organizadas pola propia Concellería de Igualdade e outras por mulleres, ben a título individual ou ben como colectivo, a través das súas organizacións.

É un centro que dá cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, dá resposta ás demandas do movemento asociativo das mulleres de Vigo, concretándose tamén con tarefas de información e asesoramento sobre recursos e actividades e xestionando os espazos da Casa das Mulleres onde os colectivos se poden reunir.

O seu obxectivo principal é fortalecer as posicións das mulleres en todos os ámbitos da vida mediante o encontro, as redes de solidariedade e intercambio, a formación (cursos, xornadas, foros...) e a investigación.

Coa execución do contrato perséguese integrar, de xeito transversal na devandita xestión, a perspectiva de xénero e elementos de dinamización que fomenten a participación social das mulleres dun xeito individual e/ou colectivo e o seu empoderamento.

En data do 25 de xaneiro de 2023, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres” asinados o 25 de xaneiro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade, e o 26 de xaneiro de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 23 de febreiro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e o 24 de xaneiro polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 23 de febreiro de 2023 (operacións RC 20230017268 e RCFUT 202300017269)
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 3 de abril de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 3 de abril de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 3 de abril de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 4 de abril 2023 pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 4 de abril de 2023 pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas, cunha duración dun ano acada unha.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 64.578,18 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas é de 161.445,45 €

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 78.139,60 € que inclúe un IVE de 13.561,42 €

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2023 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2025.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación



## Concello de Vigo

xurídica “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2024 e 2025.

Exercicio 2023: 6.156,45 €

Exercicio 2024: 39.069,80 €

Exercicio 2025: 32.913,35 €

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**3.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**4.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

**5.-** Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**6.-** De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**7.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 27 de febreiro de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**8.-** A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

#### **ACORDO:**

- 1.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”.
- 2.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración xeral e xefa do Servizo de Contratación o 4 de abril de 2023.
- 3.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 3 de abril de 2023.



## Concello de Vigo

4.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 6.156,45 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 39.069,80 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 32.913,35 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.

1.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación

### **13(301).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 12025/224.**

Visto o informe xurídico do 17/04/2023 e o informe de fiscalización do 18/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/2023, asinado pola xefa de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

O obxecto deste contrato é a “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”.

O Centro de Documentación e Recursos Feministas é centro dependente da Concellería de Igualdade que xestiona información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

Este centro está integrado na Rede de Centros de Documentación e Bibliotecas de Mulleres, e ofrece ao público: consulta de documentación para 12 postos en sala de lectura, préstamo a domicilio, préstamo interbibliotecario, asesoramento documental e actividades de extensión cultural (presentación de libros, videoforum, club de lectura, faladoiros, etc). Ten un fondo documental que consta de 11.127 volumes; 151 títulos de publicacións periódicas e 722 unidades de material audiovisual.

Coa execución do contrato perséguese integrar de xeito transversal na devandita xestión, a perspectiva de xénero e os elementos de extensión e dinamización da cultura da igualdade que fomenten o coñecemento e a participación entre a cidadanía.

En data do 25 de xaneiro de 2023, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas” asinados o 25 de xaneiro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade, e o 26 de xaneiro de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 17 de febreiro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e o 20 de febreiro polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 23 de febreiro de 2023 (operacións RC 20230016657 e RCFUT 202300016658)
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 22 de marzo de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de marzo de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de marzo de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.



## Concello de Vigo

- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 27 de marzo 2023 pola xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 17 de abril de 2023 pola xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 3 prórrogas, cunha duración dun ano acada unha.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 52.857,46 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas é de 132.143,65 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 63.957,52 € que inclúe un IVE de 11.100,06 €

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2023 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2025.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2024 e 2025.

Exercicio 2023: 5.039,08 €

Exercicio 2024: 31.978,76 €

Exercicio 2025: 26.939,68 €

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021.

**2.-** O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**3.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**4.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

**5.-** Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**6.-** De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**7.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 23 de febreiro de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**8.-** A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación,





## Concello de Vigo

conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

### ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 17 de abril de 2023.

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 22 de marzo de 2023.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2

279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 5.039,08 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 31.978,76 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 26.939,68 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.

5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación

**14(302).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICA E TEÓRICO-PRÁCTICA EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1383/2202.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/04/2023, asinado pola técnica de prevención de Riscos Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En informe-proposta de data 30/01/2023, elaborado polas técnicas de prevención de riscos laborais e conformado pola xefa de área de RRHH e Formación e polos Srs. concelleiros-delegados das Áreas de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e Orzamentos e Facenda, ditouse proposta de acordo pola que se autorizaba a prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 7 de abril de 2022 coa empresa ASPY Prevención, S.L., con CIF B64076482, para o período comprendido entre o 8 de abril de 2023 e o 7 de abril de 2024, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 30.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria “Plans autoprotección e avaliación, PRL” (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación.

Detectándose o mesmo erro no acordo de Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data do 3 de marzo de 2023 onde aproba a proposta contida no precedente informe.

Advertido erro no apartado primeiro de dita proposta de acordo, no CIF da empresa ASPY PREVENCIÓN, S.L., figurando CIF B64076482, cando debería ser CIF B98844574, resulta procedente a súa rectificación.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no artigo 127.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade na Administración Local, e de conformidade cos Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, sobre delegación de competencias en materia de xestión municipal, sométese a consideración da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Único.- Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado no apartado primeiro do informe-proposta e do acordo de Xunta de Goberno Local, no que respecta o CIF da empresa ASPY PREVENCIÓN S.L., sendo o correcto o CIF B98844574.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación



## Concello de Vigo

### **15(303).- NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO A PRAZA VACANTE, DUN DIPLOMADO EN TRABALLO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 42032/220**

Visto o informe de fiscalización de data 21/04/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA do 20/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Consta no expediente solicitude da Xefatura da Área de Benestar Social conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando coa maior urxencia posible a cobertura da praza vacante da categoría profesional de diplomada/o en traballos sociais e informe de verificación administrativa no que consta que por resolución da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 16/02/2023, foi declarada a xubilación da empregada municipal, funcionaria de carreira, M. C. Estévez Alonso, con núm de persoal 21189, diplomada/o en traballos sociais (código 81), con data de efectos 10/03/2023 (expte 41.523/220), así como a existencia de 2 prazas vacantes de diplomada/o en traballos sociais.

II.- En data de 13/04/2023, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: *“pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo para a cobertura interina dunha praza de diplomada/o en traballo social que deberá incluírse na Oferta de Emprego de 2023.”*

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 18/04/2023, existe unha/un candidata/o en condicións de ser nomeada/o por aceptar o nomeamento e presentar correctamente a documentación.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 20/04/2023, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino dunha/dun diplomado/a en traballos sociais con cargo á praza vacante a incluír na OEP 2023 (art. 10.1.a) do TREBEP).

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

##### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal*



## Concello de Vigo

*para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a

incorporación dunha/dun diplomada/o en traballos sociais con cargo á praza vacante a incluír na OEP 2023.

*O artigo 128.2 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local dispón que: “No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hayan incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación.*

*El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos.”*

Polo tanto, visto os artigos 128.2 do TRRL e 10.4 do TREBEP, procede o nomeamento interino con cargo á vacante que deberá incluírse na vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2023, pendente de aprobación na que inescusablemente deberá incorporarse unha praza de diplomado/a en traballos sociais, salvo que proceda a súa amortización.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 81 – diplomada/o en traballos sociais.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e



## Concello de Vigo

concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 31 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 42.032/220 infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino dun diplomada/o en traballos sociais con cargo á praza vacante incluída na OEP 2023 (art. 10.1.a) do TREBEP), existen listas de reserva vixentes con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como diplomada/o en traballos sociais, ao candidata/o que se relaciona a continuación que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:*

<b>Categoría: Diplomada/o en Traballos Sociais</b>		
<b>NÚM. ORDE</b>	<b>DNI**</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>
1	***7775**	J. Rial Martínez

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”*

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

#### **VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 20/04/2023:

*“o custo de iniciarse a relación o 24 de abril de 2023, sería o seguinte para 1 posto cod. 81-diplomada/o en traballos sociais con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 39.512,82 €, co seguinte detalle:*

<b>Soldo Base</b>	<b>CD</b>	<b>CE</b>	<b>S.social empr.</b>	<b>Total</b>
10.455,93	7.026,50	12.170,71	9.859,67	<b>39.512,82</b>

“

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*





## Concello de Vigo

d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*"

### VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**"PRIMEIRO:** *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: Diplomado/a en Traballos Sociais*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2023, na que inescusablemente deberá incorporarse unha praza de diplomada/o en traballos sociais, salvo que proceda a súa amortización.*
- *Destino: Benestar Social*
- *Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico: o custo de iniciarse a relación o 24 de abril de 2023, sería o seguinte para 1 posto cod. 81-diplomada/o en traballos sociais con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 39.512,82 €, co seguinte detalle:*

<b>Soldo Base</b>	<b>CD</b>	<b>CE</b>	<b>S.social empr.</b>	<b>Total</b>
10.455,93	7.026,50	12.170,71	9.859,67	<b>39.512,82</b>

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria/o interina/o con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo,

como diplomada/o en traballos sociais a/o candidata/o: *J. Rial Martínez* con DNI \*\*\*7775\*\*, na súa condición de aspirante incorporada en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación

### **16(304).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS DOS POSTOS DE TRABAJO C1, C2 E AP DE TITULACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40685/220**

Retírase o expediente a petición da concelleira-delegada de Xestión Municipal para revisión.

### **17(305).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA FINANCIAMENTO DO CICLO DE CONCERTO DO EXERCICIO 2021. EXPTE. 4899/330.**



## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta do informe-prpoosta de data 18/04/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a xefa de Asesoramento, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- \* Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- \* Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LGS)
- \* Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- \* Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- \* RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- \* Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos 2021, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2021 (expte 3886/330) e asinado con data 14 de xullo do mesmo ano.

### ANTECEDENTES:

1.- Con data 1 de xullo de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou a seguinte proposta no expediente de concesión de subvención nominativa nº 3886/330:

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 125.000 € (cento vintecinco mil euros) á “Asociación Orquestra Vigo 430”, CIF. G27743475, para o financiamento do ciclo de concertos 2021 organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Orquestra Vigo 430” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do ciclo de concertos 2021.*

2.- Con data 14 de xullo de 2021, asinouse o convenio correspondente entrambas partes.

3.- Con data 11 de novembro de 2021, a ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 presenta na sede electrónica municipal a xustificación da subvención concedida que da lugar ao expediente de pagamento nº 4122/330. Con data 22 de novembro de 2021, esta xefatura emite informe favorable para o pagamento solicitado por un importe de 104.521,56 € (sen chegar ao importe concedido de 125.000 €).

4.- Tralo decreto do concelleiro de Facenda de data 13 de xaneiro de 2022, procédese ao pagamento efectivo do importe xustificado con data 18 de xaneiro de 2022.

5.- Con data 9 de febreiro de 2023, a Intervención Xeral emite informe definitivo de control financeiro das subvencións directas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021, e achégase dilixencia na que se indica:

*De conformidade co artigo 50.2 e 51 da Lei Xeral de subvencións, procede que polo Servizo Xestor se incoe expediente de reintegro en relación a:*

*“1) en referencia a la beneficiaria ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, tras el estudio realizado, hemos comprobado un sobrecoste en la seguridad social a cargo de la empresa por un importe valorado en: 327,63 euros.”*

6.- No informe de control financeiro de referencia apórtase táboa con desglose dos sobrecustes indicados segundo o seguinte:



7.- Na cláusula décimo primeira do convenio asinado entrambas partes, con data 14 de xullo, estipulábase o seguinte:

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

8.- Con data 17 de marzo pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu o seguinte:

*"1.- Que, en base ao artigo 42 da LXS, por parte da xefatura do servizo de Xestión e Pomoción Cultural se inicie o expediente administrativo para o reintegro parcial da subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2021 á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF G-27743475, para financiamento do ciclo de concertos do exercicio 2021 (expte 3886/330), por importe de 327,63 € máis os xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pagamento (18 de xaneiro de 2022) ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o artigo 37 da LXS.*

*2.- Que se notifique a presente resolución ao interesado e se lle dea trámite de audiencia por un prazo máximo de 10 días para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente ao respecto.*

*3.- Que se notifique a presente resolución á Intervención Xeral do Concello de Vigo para coñecemento."*

9.- Con data 20 de marzo pasado, notificouse electrónica esta resolución á entidade ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF G-27743475, así como á Intervención Xeral de Fondos.

10.- Con data 11 de abril, a citada entidade aporta escrito na sede electrónica municipal (doc 230086234), acompañando un documento da empresa B4B INTEGRAL MANGEMET SL no que admiten un error nos custes dos traballadores aportados na xustificación da subvención concedida.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- O procedemento de reintegro total ou parcial da subvención concedida é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao interesado co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo xestor.

Tramitado o expediente e á vista de que o interesado no trámite de audiencia admite un error nos custes dos traballadores procede a súa resolución.

2.- A estimación do importe a reintegrar sería a seguinte, de conformidade co art.33 LGS,:



## Concello de Vigo

Data inicio cálculo: 18 xaneiro de 2022

Data fin cálculo: 27 de abril de 2023 (estimación da data da Xunta de Goberno Local)

Importe para o cálculo: 327,63 €

Tipo débeda: reintegro

Importe para o cálculo: 327,63 €

Data inicio	Data Vto	Días periodo	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
19/01/2022	31/12/2022	347	3,75 %	327,63 €	11,68 €
1/01/2023	27/04/2023	117	4,06 %	327,63 €	4,26 €
IMPORTE TOTAL					343,57 €

3.- Polo que procede formular proposta de acordo do reintegro parcial da subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2021 á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF G-27743475, para financiamento do ciclo de concertos do exercicio 2021 (expte 3886/330), por importe de 327,63 € máis os xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pagamento (18 de xaneiro de 2022) ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o artigo 37 da LXS.

A presente declaración de reintegro parcial da subvención deberá ter reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

De conformidade cos artigos 52.2a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210<sup>a</sup>) do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral de conformidade co art. 51.3 LXS, faise á Xunta de Goberno Local, por ser o órgano concedente da subvención (art.41.1 LXS), a seguinte proposta de **ACORDO**:

“**Primeiro**: Resolver o procedemento de reintegro parcial da subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2021 á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, CIF G-27743475, para financiamento do ciclo de concertos do exercicio 2021 (expte 3886/330), por importe de 327,63 € máis 15,94 € correspondentes aos xuros de demora

xerados dende a data do pagamento da subvención ata a data de adopción do presente acordo, segundo o artigo 37 da LXS, o que fai un importe total de 343,57 € e requirir a dita entidade o seu abono.

A presente declaración de reintegro parcial da subvención deberá ter reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**Segundo:** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro:** Prazos para efectuar o aboamento da cantidade a reintegrar (artigo 62.2 LXT):

- Se recibe a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- Se recibe a notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciarase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art 161 LXT)

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación

### **18(306).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9676/336.**

Visto o informe xurídico de data 13/04/2023 e o informe de fiscalización do 14/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 04/04/2023, asinado pola xefa de Xuventude, a concelleira-delegada de Turismo e Xuventude e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.-**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 12 de marzo de 2021, aprobou o expediente para a contratación da prestación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil.





## Concello de Vigo

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 7 de maio de 2021, acordou Adxudicar a SERVIPLUSTOTAL, S.L. (B-70.019.294) o procedemento aberto para a contratación do servizo de organización, xestión e execución do programa de dinamización infantil (9.171-336) coas seguintes condicións:

O prezo total do contrato é de 126.885,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.535,00 euros.

Comprométese á realización de 4 cursos (20h. cada curso) de formación para o persoal do servizo de acordo cos requisitos sinalados no apartado 7.B.2.1 do Anexo I -FEC- do PCAP. Propón a realización de 5 actividades (5 en cada centro) especiais de animación infantil con espectáculo realizadas por persoal externo en ambos centros sen custe adicional para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Terceiro.-** No apartado 4C das FEC, establécese que o contrato constará de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas .

**Cuarto.-** Con data 2 de xuño de 2021 foi asinado o contrato nos seguintes termos:

“SERVIPLUSTOTAL,S.L. comprométese á prestación do servizo de organización,xestión e execución do programa de dinamización infantil con estrita suxeición aos pregos de cláusulas técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

2. O prezo do contrato é de cento vinte e seis mil oitocentos oitenta e cinco euros, IVE incluído (126.885,00.-).

3.- O pagamento do prezo do contrato aboarase conforme ó establecido no apartado 11 das FEC do prego de condicións administrativas.

4.- O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha.”

**Quinto.-** Consta no expediente a retención de crédito 202300002488 por importe de 68.441,00 € polo período 03/06/2023 - dec 2023 (agosto non) para a tramitación da 2ª prórroga do contrato.

**Sexto.-** O importe do contrato para o período 01/01/2024 – 02/06/2024 ascende a 58.444 €

**Septimo.-** Incorpórase ao expediente solicitude presentada pola empresa adxudicataria “SERVIPLUSTOTAL,S.L. solicitando a prórroga do contrato .

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

**Primeiro.-** Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

**Segundo.-** Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Ante a necesidade de prorrogar por un ano *CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*, polo período dun ano contado dende o 3 de xuño de 2023 ata o 2 de xuño de 2024, toda vez que os traballos durante o primeiro ano e a primeira prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos de idade.

**Procede a segunda prórroga do mesmo**, nas mesmas condicións e características aprobadas e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e no referido expediente 9171-336.

**Cuarto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

#### **ACORDO.-**

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** “Prorrogar dende o 03 de xuño de 2023 e ata o 2 de xuño de 2024 o contrato *do SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*,

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto total de cento vinte e seis mil oitocentos oitenta e cinco euros, IVE incluído (126.885,00 €) correspondente á segunda prórroga do contrato *do SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9171/336*, dos cales 68.441,00 € corresponden ao período 03/06/2023 - dec 2023 (agosto non) e 58.444,00 € ao período 01/01/2024 – 02/06/2024 con cargo á partida orzamentaria 3370.2279900 e a súa bolsa de vinculación.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta de contratación



## Concello de Vigo

### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Continuidade da prestación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais. expte. 3815/440.
- .- Proposta de adxudicación da contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Marqués de Valladares”. Expte.1459/441.
- .- Propostas de adxudicación procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Coruña”. Expte. 1458/441.
- .- Contrato de patrocinio publicitario para a celebración do evento deportivo “Open Vigo de Pádel-World Padel Tour” organizado por SETPOINT EVENTS S.A. Expte. 22562/333.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **19(307).- CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de de data 26/04/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e coa conformidade la letrada-titular de Asesoría Xurídica Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3.815-440) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3.815-440) (PPT)
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 21 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3.815-440), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 3 de febreiro de 2017 a XGL adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.*
- b) Propón no apartado de melloras un total de 216 unidades por importe de 11.836,80 euros (sen IVE), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.485,73 euros, correspondente ao seguinte cadro:*

<b>Custos unitarios</b>	<b>Custo/Unidad</b>	<b>Ud</b>	<b>Total</b>
-------------------------	---------------------	-----------	--------------



## Concello de Vigo

	e s/IVE		
Contedor 240 lts fracción orgánico	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción resto	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción envases	54,80	54	2.959,20
Contedor 240 lts fracción papel cartón	54,80	54	2.959,20

c) *Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello, para o desenvolvemento de actuacións de limpeza de carácter extraordinario non recollidas nas obrigas do contrato de 3.100 horas/ano.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O contrato formalizouse o 16 de abril de 2017 e comezou a súa execución o día 1 de maio por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 10 de setembro de 2020 acordou:

*“1º.- Modificar o contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo, para cumprir o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia” nos seguintes termos:*

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 €.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación presupostaria 3230.227.0000 “Limpeza Colexios” e bolsa de*

*vinculación, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:*

Ano de aplicación	Período	Importe económico (e/ano)
Ano 2020	Do 10 de setembro ao 31 de decembro	243.353,58 €
Ano 2021	Do 1 de xaneiro ao 30 de abril	246.781,09 €
TOTAL		490.134,67 €

*3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.*

*4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”*

Esta modificación contractual foi formalizada polas partes en data 13 de outubro de 2020.

**Cuarto.-** Foron autorizadas as dúas prórrogas previstas para este contrato (3.815-440):

- Para o período comprendido entre o 01/05/2021 e o 30/04/2022 (acordo da xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021)
- Para o período comprendido entre o 01/05/2022 e o 30/04/2023 (acordo da Xunta de Goberno local de data 13 de abril de 2022).

**Quinto.-** O 31 de agosto de 2022, o concelleiro delegado de Educación, por delegación da Xunta de Goberno Local, aprobou a orde de inicio do expediente para a contratación por procedemento aberto harmonizado do servizo de limpeza dos colexios Públicos e Escolas Municipais (expediente nº 26.210-332). Este contrato abrangue as prestacións obxecto do contrato que nos ocupa.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 29 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 20/12/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación da limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 19.420.303,31 € (16.049.937,45 € máis 3.370.465,86 € en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 “Limpeza colexios”, que se dividirá nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de maio a decembro): 2.330.436,40 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2025 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2026 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2027 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros e
- Anualidade 2028 (de xaneiro a abril): 1.553.624,27 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 17.632.195,64 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**Sétimo.-** O anuncio de licitación do expediente 26.210-332 publicouse o 4 de xaneiro de 2023 no Diario Oficial da UE, abríndose o prazo de presentación de ofertas ao día seguinte e rematando o 7 de febreiro.

**Oitavo.-** En data 24 de xaneiro de 2023, D<sup>a</sup>. María do Tránsito Fernández Fernández, en representación da Federación de Servizos da Confederación intersindical Galega, interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos da contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais (26.210/332).

O 25 de xaneiro de 2023, D. Juan Díaz de los Ríos de San Juan, en representación da Asociación Profesional de Empresas de Limpieza – ASPEL, interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos da contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais (expediente 26210/332).

Mediante resolución nº 13/2023 do 3 de febreiro, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) acorda a suspensión cautelar do procedemento de contratación.

**Noveno.-** O 16 de febreiro de 2023, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia mediante resolucións nº 16 e 17/2023 desestima os recursos interpostos pola Confederación Intersindical Galega e pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza.

**Décimo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, tomou razón da resolución nº 29/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) e acordou levantar a suspensión do prazo de presentación de ofertas e deu traslado do expediente ao servizo de Contratación para continuar coa tramitación.

**Undécimo.-** O 27 de febreiro de 2023 publícase novamente o anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público sinalándose como nova data límite de presentación de ofertas o 6 de marzo de 2023.

**Duodécimo.-** O 20 de abril de 2023 a concelleira delegada de Contratación adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 13 de abril de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	88,00
2	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, S.A.U.	71,79
3	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, S.L. - NORINTEGRA, S.L.	67,60

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U. (A-47.379.235), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*





## Concello de Vigo

3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar o 20 de abril de 2023. O licitador, que ten de prazo ata o 5 de maio, de momento non presentou a documentación requirida.

**Décimo terceiro.-** Con data do 14 de abril de 2023, a xefa do Servizo de Educación coa conformidade dos concelleiros delegados de Educación e de Orzamentos e Facenda, emite informe no que solicita do Servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato (3.815-440).

**Décimo cuarto.-** O contratista, MATELNOR LIMPIEZAS, SL., o 11 de abril de 2023 (documento nº 230086420), durante o trámite de audiencia conferido para o efecto, manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato ata a formalización do novo contrato.

**Décimo quinto.-** Con data do 25 de abril de 2023, a xefa do Servizo de Educación coa conformidade do concelleiro delegado de Educación, emite informe que corrixe o asinado o 14 de abril de 2023.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

**-II-**

**Da finalización do prazo do contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3.815-440) con carácter previo á formalización do novo contrato (26.210-332) que garanta a continuidade do servizo**

O contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3.815-440) adxudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno local do 3 de febreiro de 2017 a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha, iniciándose a prestación o 1 de maio.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 13 de abril de 2022, acordou autorizar a segunda e derradeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de maio de 2022 e o 30 de abril de 2023.

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 30 de abril e o novo contrato (expte. 26.210-332) está pendente de adxudicación.

**-III-**

**Necesidade da prestación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a prestación dos servizos de limpeza nos colexios públicos e nas escolas municipais dependentes do Concello de Vigo relacionados no Anexo I do Prego de prescricións técnicas particulares que rexe este contrato (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Indica o informe do Servizo de Educación de data 20 de abril de 2023:

**“1. Adxudicación do contrato.** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 3 de febreiro de 2017, acordou: “Adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

b) Propón no apartado de melloras un total de 216 unidades por importe de 11.836,80 euros (sen IVE), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.485,73 euros, correspondente ao seguinte cadro: (...)



## Concello de Vigo

c) *Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello, para o desenvolvemento de actuacións de limpeza de carácter extraordinario non recollidas nas obrigas do contrato de 3.100 horas/ano.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada"*

*Este contrato foi formalizado polas partes en data 26 de abril de 2017, estabelecéndose na súa cláusula cuarta que "o prazo do contrato será de catro anos, contado dende o día 1 de maio de 2017. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha delas."*

**2. Modificación do contrato** (expte. 6510/241). A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 10 de setembro de 2020 acordou: "1o.- Modificar o contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do concello de Vigo, para cumprir o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia" nos seguintes termos:

- A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 €.

- O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.

- O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

2o.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación presupostaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios" e bolsa de vinculación, e se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (e/ano)
Ano 2020	Do 10 de setembro ao 31 de decembro	243.353,58 €
Ano 2021	Do 1 de xaneiro ao 30 de abril	246.781,09 €
TOTAL		490.134,67 €

3o.- Previamente á formalización da modificación do contrato MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.

4o.- Formalizar por escrito a presente modificación."

Este modificación contractual foi formalizada polas partes en data 13 de outubro de 2020.

**3. Prórrogas.** Dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar as dúas prórrogas previstas para este contrato:

- para o período comprendido entre o 01/05/2021 e o 30/04/2022 (acordo de data 22 de abril de 2021);

- e para o período comprendido entre o 01/05/2022 e o 30/04/2023 (acordo de data 13 de abril de 2022).

En consecuencia, a data prevista de finalización deste contrato é o 30 de abril de 2023.

**4. Prezo.** O prezo de adxudicación do contrato recollido no punto 1º foi obxecto de catro revisións, de conformidade co apartado 3J das Follas de Características do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, aprobado para esta contratación. Estas revisións de prezos foron aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local:

- a primeira revisión de prezos en data 04/07/2019;
- . a segunda revisión de prezos en data 19/02/2021;
- a terceira revisión de prezos en data 19/02/2021;
- a cuarta revisión de prezos en data 22/02/2022;
- e a quinta revisión de prezos en data 20/04/2023.

Tras a quinta revisión de prezos, actualmente se establece como prezo do contrato o importe anual de 2.914.382,48 euros, que se divide en dez mensualidades de 291.438,25 euros.

**5. Á vista da data de finalización do contrato vixente sinalada no punto 3º deste informe resulta necesario tramitar un novo contrato para o referido servizo de limpeza. Ante a complexidade da preparación dos documentos iniciais deste expediente, así como para a valoración das ofertas que se presenten para a súa licitación, en data 21/04/2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu "Adxudicar á empresa INTO GALICIA CONSULTING S.L., con CIF B27802214, o contrato menor de servizos para a 'Contratación da asistencia técnica para o asesoramento na redacción dos pregos de prescricións para a licitación por procedemento aberto do "contrato maior de servizos de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo" (...)" (expediente de contrato menor 25835/332).**

**6. Expediente de novo contrato.** En data 31/08/2022 resolvese iniciar un novo expediente administrativo para a contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais (expte. 26210/332).

A este expediente, incorpóranse os seguintes documentos:

- Memoria económica de data 16 de novembro de 2022, rectificada en data 12 de decembro de 2022.
- Retención de crédito de data 17 de novembro 2021 (operación nº RCFUT 202200120921).
- Prego de prescricións técnicas particulares de data 12 de decembro de 2022, e os correspondentes anexos (2).
- Memoria xustificativa de data 19 de decembro de 2022.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de 20 de decembro de 2022.
- Informe proposta de aprobación do expediente de 20 de decembro de 2022.
- Informe xurídico da Asesoría Xurídica de 21 de decembro de 2022.
- Informe de fiscalización da Intervención de 22 de decembro de 2022.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2022 no que entre outros se aproba a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais e a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**7. Licitación do novo contrato.** En data 5 de xaneiro de 2023 publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o Anuncio de Licitación para o expediente de contratación



## Concello de Vigo

26210/332, é dicir, cunha antelación de catro meses á data de finalización do contrato anterior, considerándose tempo suficiente para a licitación e adxudicación do contrato.

**8. Recursos.** En data 24 de xaneiro de 2023, Dna. María do Tránsito Fernández Fernández, en representación da Federación de Servizos da Confederación intersindical Galega, interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos da contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais (expediente 26210/332).

Por outra banda, en data 25 de xaneiro de 2023, D. Juan Díaz de los Ríos de San Juan, en representación da Asociación Profesional de Empresas de Limpieza – ASPEL, interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos da contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais (expediente 26210/332).

Á vista da interposición dos anteriores recursos, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 02 de febreiro de 2023, acorda entre outros a suspensión cautelar do procedemento de contratación ata que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal) dite resolución aos mesmos.

**9. Resolucións TACGal.** En data 16 de febreiro de 2023, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia dita Resolucións nº 16 e 17/2023 (acumulados) nas que se resolve desestimar os recursos interpostos pola Confederación Intersindical Galega e pola Asociación Profesional de Empresas de Limpieza.

**10. Levantamento suspensión licitación.** Na súa sesión do 23 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local toma razón das Resolucións 16 e 17/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, levantando a suspensión acordada no punto 9º deste informe, dando traslado ao Servizo de Contratación para que continúe coa tramitación do expediente.

**11. Reapertura prazo presentación de ofertas.** En consecuencia co anterior, en data 27 de febreiro de 2023 publícase novamente na Plataforma de Contratación do Sector Público o Anuncio de Licitación para o expediente de contratación 26210/332, establecéndose como nova data límite de presentación de ofertas o 06 de marzo de 2023.

**12.** Atendendo ao exposto faise inviable que a adxudicación e formalización do novo contrato se realicen no prazo inicialmente previsto (1 de maio de 2023), isto é, ao día seguinte da finalización do contrato vixente (30 de abril de 2023).

A enumeración das actuacións e documentación obrantes no expediente permite verificar que a tramitación deste contrato se planificou con tempo suficiente, recolléndose como contrato a licitar no Plan Anual de Contratación do ano 2023. Así mesmo, que se incoou en prazo axeitado e a súa instrución foi dilixente.

**13.** O artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público indica no seu último parágrafo que “Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

**14.** O servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais é imprescindible para o normal funcionamento dos centros escolares. Estamos diante dun servizo prestado polo

Concello, que cobre unha necesidade de primeira orde en canto que sen a limpeza os colexios non poderían desenvolver a actividade educativa dos/as nenos e nenas en condicións axeitadas de hixiene e salubridade, e cuxa prestación por parte da administración local está prevista na lexislación de aplicación (artigo 25.2 n da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo ás/aos nenas/os que se educan nos colexios públicos de educación primaria.

**15. Conformidade con prórroga.** En data 11 de abril de 2023, Dona Carolina Canosa Calo, en nome e representación da entidade Mantelnor Limpiezas S.L, manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato do expediente 3815/440 desde a data prevista da súa finalización e mentres non se resolta o novo expediente de contratación (expte 26210/332).

**16.** Neste momento, o expediente para o novo contrato da prestación do servizo (26210/332) atópase en fase de licitación, resolvendo a concelleira delegada de Contratación en data 20/04/2023 clasificar as proposicións dos licitadores admitidos no procedemento e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar a documentación necesaria que lle permitiría ser proposto como adxudicatario deste contrato.

Prevese que a adxudicación deste contrato sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local no próximo mes maio de 2023 dado que a empresa clasificada en primeiro lugar está en prazo para a presentación da documentación ata o próximo 5 de maio. Se temos en conta que o prazo para interpoñer recurso especial en materia de contratación (15 días hábiles) finalizaría o 26 de maio e que o TACGal normalmente resolve os recursos en menos dun mes, unha estimación razoable sería calcular que a execución deste novo contrato podería iniciarse o 1 de xullo de 2023.

En consecuencia, sería necesaria a continuidade do vixente contrato (3815/440) mentres non se resolta o expediente do novo contrato, estimada nun período adicional de dous meses (do 1 de maio ao 30 de xuño).

O gasto da continuidade do contrato polo indicado prazo de 2 meses supón un importe de 582.876,50 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza colexios"

Á vista do anteriormente exposto e de conformidade co mencionado artigo e 29.4 da Lei 9/2017, solicítase que polo Servizo de Contratación se determine a forma máis correcta de garantir a continuidade na prestación do servizo de limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 15/03/2016 á empresa Mantelnor Limpiezas SL (expte. 3815/440), ata que se inicie a execución do novo contrato de limpeza dos colexios Públicos e Escolas Municipais (expte. 26210/332), tendo en conta o grave trastorno que a suspensión do servizo suporía dado que os centros escolares non poderían funcionar se non se limpan adecuadamente".

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, pendente de adxudicación. Do contrario, "ocasionaríase un grave trastorno desatendendo ás/aos nenas/os que se educan nos colexios públicos de educación primaria" "en canto que sen a limpeza os colexios non poderían desenvolver a actividade educativa dos/as nenos e nenas en condicións axeitadas de hixiene e salubridade", sendo unha competencia municipal propia recollida no artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local "a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial".



**Concello de Vigo**

#### -IV-

### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Singularmente, neste expediente:

- Tramitáronse as dúas prórrogas contempladas no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que non cabe máis posibilidade de prórroga.
- Segundo informa o servizo xestor, dada a complexidade na preparación dos documentos iniciais do novo expediente, así como para a valoración das ofertas que se presenten para a súa licitación, en data 21/04/2022, o concelleiro delegado de Educación resolveu *“Adxudicar á empresa INTO GALICIA CONSULTING S.L., con CIF B27802214, o contrato menor de servizos para a 'Contratación da asistencia técnica para o asesoramento na redacción dos pregos de prescricións para a licitación por procedemento aberto do "contrato maior de servizos de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo" (...)"* (expediente de contrato menor 25.835/332).
- Interpuxéronse dous recursos especiais contra os pregos coa conseguinte medida de suspensión cautelar e reanudación do prazo de presentación das proposicións.

Tendo en conta que o contrato vixente remata o 30 de abril deste ano, e aínda está sen adxudicar, resulta imposible ter formalizado o contrato na referida data.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.





## Concello de Vigo

2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.
- O anuncio de licitación do novo contrato publicouse no DOUE o 4 de xaneiro de 2023.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable a este contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que *“Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato prodúcese un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”*. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, a interposición de dous recursos especiais en materia de contratación contra os pregos que suspenderon a tramitación do procedemento e fixeron reanudar o prazo de presentación das proposicións, atrasando o fin de prazo de presentación en case un mes.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este contrato responde a unha competencia municipal propia (artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: *“a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*). Coa interrupción do servizo *“ocasionaríase un grave trastorno desatendendo ás/aos nenas/os que se*

*educan nos colexios públicos de educación primaria” “en canto que sen a limpeza os colexios non poderían desenvolver a actividade educativa dos/as nenos e nenas en condicións axeitadas de hixiene e salubridade”, sendo unha competencia municipal propia recollida no artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local “a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”.*

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “obligatoria” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

*«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».*

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

*«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración*



## Concello de Vigo

del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)).».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

*"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."*

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

*«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.*

*Podría acudir a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prorrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de for-*

*ma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».*

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 TRLCSP ao caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

**-V-**

### **Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo o de 2 meses (do 1 de maio ao 30 de xuño).

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *“O gasto da continuidade do contrato polo indicado prazo de 2 meses supón un importe de 582.876,50 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 “Limpeza colexios”.*

Consta no expediente a conformidade de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., para continuar executando o contrato ata o inicio do novo contrato.

**-VI-**

### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de



## Concello de Vigo

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º. A continuidade da prestación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3.815-440) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.*

*2º. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 3.815-440, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de maio ao 30 de xuño (2 meses) polo importe máximo de 582.876,50 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 “Limpeza colexios”.*

*3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(308).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALLADARES”. EXPTE.1459/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 25/04/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Marqués de Valladares” (1.459-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Marqués de Valladares” (1.459-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RUA MARQUES DE VALLADARES”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con 20 de xaneiro de 2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS CATORCE MIL CENTO NOVE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (214.109,42 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 37.159,49 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	214.109,42 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A., S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Marqués de Valladares” (1459-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa ofertada</b>
--	--------------------------------	-----------------------



## Concello de Vigo

<b>1</b>	<b>CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.</b>	<b>20.756,22 €</b>
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14.633,76 €
3	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	12.864,26 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	0,00 €

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 e 25 de abril, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 30 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1. “Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023, da UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A., S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos o 30 de marzo de 2023.*
- 2. Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Marqués de Valladares” (1.459-441) por un prezo total de 188.994,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.800,68 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do convenio de colaboración para a execución dun “Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat” asinado nas datas 22 e 25 de outubro de 2021”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **21(309).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA”. EXPTE. 1458/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/04/2023, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Coruña” (1.458-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Coruña” (1.458-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup> María Ferreiro Núñez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 19 de xaneiro de 2023.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CATORCE MIL TRESCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (514.343,48 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 89.266,22 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	514.343,48 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Coruña” (1458-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa ofertada</b>
<b>1</b>	<b>UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.</b>	<b>98.192,85 €</b>
2	MISTURAS SA	77.662,26 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI SL	74.431,03 €
4	CONSTRUCCIONES VALE SL	69.117,56 €
5	COVSA	46.375,93 €
6	NAROM S.L.	44.335,56 €

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A. (B36494185 e A36016665), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 e 21 de abril, dentro do prazo concedido.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 30 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023, de MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.*
2. *Adxudicar á UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A. (B-36.494.185 e A-36.016.665) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa*

*Coruña" (1.458-441) por un prezo total de 395.530,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 68.645,73 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do convenio de colaboración para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat" asinado nas datas 22 e 25 de outubro de 2021".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(310).- CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "OPEN VIGO DE PÁDEL-WORLD PADEL TOUR" ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS S.A. EXPTE. 22562/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 25/04/2023 e o informe de fiscalización do 26/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/2023, asiando polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 11 de abril de 2023, que consta no expediente, o Concelleiro delegado de deportes en data 11 de abril de 2023 dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o "Vigo Open de Pádel-World Pádel Tour" organizado por SetPoint Events S.A.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.1. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

–Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 11 de abril de 2023.

–Memoria económica, asinada polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 12 de abril de 2023.

–Prego de Prescricións técnicas particulares de data 25 de abril de 2023, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo



## Concello de Vigo

- Memoria xustificativa do contrato de data 24 de abril de 2023 asinada polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo.
- Informe do servizo de Contratación e Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación do Concello de Vigo con data de 25 de abril de 2023.
- Informe sobre a rendibilidade do patrocinio do evento que a empresa promotora SETPOINT EVENTS S.A. propón ao Concello de Vigo elaborado pola empresa SILVIA PEREZ BUGALLO-DIFUSION CIF A44088318D asinado electronicamente con data 11 abril de 2023.
- O Plan Anual de contratación da Concellería de deportes para o exercicio 2023.
- O Acordo da XGL de data 13 de abril de 2023 da Planificación estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación.
- O informe Estratéxico sobre patrocinios publicitarios dentro da industria cultural-creativa de data 3 de abril de 2023.
- O acordo da XGL de data 27 de decembro de 2019 no que se aproba o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo: Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023 (19323/333).
- As estratexia de comunicación do Concello de Vigo Marzo 2023-Febrero 2024.

## **II.- Condicións definitivas do contrato**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto deste expediente é o desenvolvemento das accións vinculadas á proposta ao Concello de Vigo do patrocinio publicitario remitido pola entidade SETPOINT EVENTS, S.A., promotora do evento deportivo “ VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR”

O contrato de patrocinio está regulado na Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade (en diante LGP), modificada por Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e de creación publicitaria. O actual artigo 22 LGP defíneo como: «aquele contrato en que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador».

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

### **II.2.- Xustificación da necesidade da publicidade.**

O “Concello de Vigo”, como patrocinador do proxecto, difundirá a súa participación directa na promoción da deporte o que lle permitirá, como máximo expoñente do fomento de deporte en Vigo, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade das actividades, difundir a imaxe do Concello de Vigo vencellada a un proxecto de apoio ao deporte, así como, resaltar a propia acción deportiva que se desenvolve na cidade, como un dos seus valores de identidade.

Así, o gasto da proposta de patrocinio atópase vinculado ó desenvolvemento dunha acción de aspecto social, universal e transversal como é o deporte, no marco da estratexia de “facer cidade” entendida como a necesidade de traballar conxuntamente, coa participación de toda a cidadanía, para conseguir un modelo de cidade compartido por todos, polo cal é necesario iniciar un expediente para a contratación desta proposta de patrocinio publicitario.

Nesta liña de interese municipal, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión celebrada o 13 de abril de 2023, a proposta que define as liñas estratéxicas a seguir polo Concello de Vigo en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo 2023-2025 e determina as accións, medios e obxectivos básicos. Incluída na proposta, na liña estratéxica 2, propónse como acción a realización de patrocinios no marco do desenvolvemento da industria cultural-creativa e da difusión da imaxe da marca da cidade, sinalando o patrocinio publicitario como unha ferramenta de comunicación e publicidade que permite que a imaxe de marca da cidade chegue a un gran número de persoas e sendo os proxectos deportivos, culturais, turísticos e educativos os que despertan mais interese, definindo o patrocinio publicitario como unha acción publicitaria que xera un vínculo entre unha marca publicitaria e un proxecto patrocinado, onde ambos obteñen un beneficio.

En consecuencia, *“o patrocinio publicitario ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario» e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite o patrocinador (CONCELLO DE VIGO) facer pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos coa mesma finalidade, converténdose así, sen dúbidas, en toda unha fonte xeradora de beneficios directos e inducidos. Basicamente estes beneficios se concretan en termos de realce da imaxe da cidade e nun retorno económico cualificable no sector hoteleiro, hostaleiro e de servizos”.*

A proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local inclúe un informe estratéxico sobre patrocinios publicitarios, elaborado pola mercantil ECOVIGO, empresa especializada do sector. No dito informe, de data 3 de abril de 2023, se constata a “importancia da figura do patrocinio publicitario (como ferramenta comunicativa) na nova estrutura xeopolítica dos espazos urbanos. O mesmo documento afonda nos patrocinios como factor clave en termos de inversión para o desenvolvemento da industria creativa-cultural, unha inversión que hai que trazar en todo o seu perímetro de retornos inmediatos (xeración de emprego, atracción de turismo, desenvolvemento de marca cidade), pero tamén a medio e longo prazo como un novo polo de desenvolvemento económico e social”.

O informe conclúe que *“o patrocinio publicitario se perfila como unha ferramenta de inversión pública clave para o desenvolvemento social e económico de calquera territorio, pero en especial das cidades chamadas a conformar o mapa urbano de Europa. Ao outorgar o cualificativo de inversión clave ó patrocinio, se refire tanto á vertente cualitativa como cuantitativa”.*

Dende a vertente cualitativa, destaca a relación directa entre patrocinio e industria cultural-creativa (ocio, deporte, cultura...) que vertebra unha combinación gañadora en termos de imaxe de cidade/marca Vigo.

A nivel cuantitativo, subliña a importancia de medir os patrocinios co seu “particular retorno como inversión”, no que se poden incluír aspectos como o impacto positivo no PIB da cidade a través de ingresos directos xerados para o turismo, o comercio e a hostalaría, así como os retornos económicos vinculados coa comunicación que acompaña a estes eventos nos medios de comunicación.

O informe cuantifica un retorno de 1,4 millóns de euros de retorno equivalente en visibilidade en relación á celebración do Open Vigo-World Pádel Tour 2022, cunha estimación de asistencia superior a 8.500 asistentes, cun gasto medio de 300€ por persoa e día, 250 empregos directos e 500 indirectos,



## Concello de Vigo

un valor publicitario equivalente en medios de comunicación de 640.000,00€ e un valor de 800.000,00€ en relación á visibilidade no ecosistema dixital.

O retorno total estimado do proxecto presentado pola organización, por importe de 646.648,00€, xustifica o prezo do contrato por importe de 450.000,00 €, inferior ao custe de contratar directamente as insercións publicitarias en soporte papel, en soporte dixital e outras accións de comunicación (organización do evento) detalladas no proxecto presentado pola entidade SETPOINT EVENTS S.A., e que se atopa no expediente.

Achégase no expediente o informe xustificativo da empresa SILVIA PEREZ BUGALLO-DIFUSION CIF A44088318D sobre seo retorno publicitario que figura no proxecto “VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR” elaborado e valorado por SETPOINT EVENTS S.A. e que ascende a un importe de 646.648€ ivo incluído, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación. Dito informe acredita que o custo que suporía ao Concello de Vigo a contratación directa de espazos publicitarios similares aos propostos pola entidade promotora do WPT sería superior ao importe do contrato, valorando o retorno económico total nun importe total de 1.971.648,00€, o que xustificaría sobradamente a contratación.

O plan anual de Contratación da Concellería de deportes inclúe entre as previsións vinculadas co servizo de deportes, un contrato cuxo obxecto é “Patrocinio World pádel Tour” por importe de 452.540,00€, que se incorpora ó expediente.

### **II.3.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación**

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, SETPOINT EVENTS S.A., que ten a exclusiva do proxecto.

En virtude do artigo 168 da Lei 9/2017, que ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “SETPOINT EVENTS S.A.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través dos diferentes canles de comunicación audiovisual e RRSS detallados na proposta de patrocinio remitida pola empresa promotora.

A todas estas cuestións hai que engadir que a traxectoria do Circuito World-Pádel Tour, iniciada no ano 2013, foi incrementando o seu posicionamento como único circuito internacional profesional da modalidade. O circuito acolle anualmente a disputa de 25 Torneos no ámbito internacional, dos cales 17 son torneos Open como o de Vigo, previstos en diferentes partes do mundo como México, Austria, Holanda, Paraguai, Finlandia, Suecia ou Arxentina entre outras.

Esta motivación exposta o converte nun evento único, exclusivo e sen un substituto razoable dado o nivel único da competición xa que nela participan as mellores raquetas do mundo, acreditado tanto no Ranking Internacional da Federación Internacional de Pádel como no Ránking internacional de WPT, que son as dúas clasificacións de referencia a nivel internacional, o que fundamenta a proposta dunha colaboración directa co mesmo.

A proposta parte de maneira directa da entidade SETPOINT EVENTS S.A., a cal é a propietaria de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual do “VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD

PÁDEL TOUR” e por outro lado a peculiaridade do retorno publicitario queda tamén garantida a través dos medios propios da organizadora, que acada uns valores de identificación extraordinarios. Esta difusión se realiza a través de unha serie de accións de comunicación e difusión a través dos diferentes medios audiovisuais e RRSS, tanto na edición en papel de distintos medios, así como na acción do propio evento.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa SETPOINT EVENTS S.A. o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «**retorno publicitario**», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (SETPOINT EVENTS S.A.) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado (“VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR”) e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

Achégase no expediente informe xustificativo da empresa SILVIA PEREZ BUGALLO-DIFUSION CIF A44088318D sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto “VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR” elaborado e valorado por SETPOINT EVENTS S.A. e que ascende a un importe de 646.648,00 €.- euros, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación. Faise constar que o patrocinado SETPOINT EVENTS S.A. (A-66270844) non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, senon unha empresa que ten por obxecto a organización de competicións e acontecementos deportivos ou culturais de calquera clase, a creación e comercialización de calquera clase de contidos artísticos e culturais segundo consta no art. 2 dos seus estatutos.

O Concello de Vigo considera que dito proxecto ten como obxectivo impulsar o apoio ao deporte, así como, resaltar a propia acción deportiva que se desenvolve na cidade, como un dos seus valores de identidade.

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.





## Concello de Vigo

### II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos de nivel nacional e internacional.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do “VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR”, establécese en 450.000,00€ (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como patrocinador xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo no tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

Este contrato será cofinanciado pola Diputación de Pontevedra, que achegará 195.000 euros para o financiamento do contrato (Acordo da XGL de data 05/04/2023), en virtude do convenio asinado entre o Concello e a Deputación de Pontevedra con data 11/04/2023.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao **retorno** que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O artigo 22 da Lei 34/1998, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade, modificada pola Lei 29/2009, de 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, define o contrato de patrocinio como: “aquele contrato en que el patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural, científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador”, polo que neste contrato a CONTRAPRESTACIÓN concrétase no retorno indirecto de carácter publicitario para o Concello de Vigo que ascende a 646.648,00€, ive engadido.

Achégase no expediente o informe xustificativo da empresa SILVIA PEREZ BUGALLO-DIFUSION CIF A44088318D sobre seo retorno publicitario que figura no proxecto “VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR” elaborado e valorado por SETPOINT EVENTS S.A. e que ascende a un importe de 646.648€ ive incluído, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación. Dito informe acredita que o custo que suporía ao Concello de Vigo a contratación directa de espazos publicitarios similares aos propostos pola entidade promotora do WPT sería superior ao importe do contrato, valorando o retorno económico total nun importe total de 1.971.648,00€, o que xustificaría sobradamente a contratación.

O plan anual de Contratación da Concellería de deportes inclúe entre as previsións vinculadas co servizo de deportes, un contrato cuxo obxecto é “Patrocinio World pádel Tour” por importe de 452.540,00€, que se incorpora ó expediente.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 450.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 78.099,17 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 34102279907 do remanente nº de operación 13410 “Promoción Marca Vigo” do vixente orzamento municipal.

#### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

O evento forma parte dun circuíto internacional conformado por eventos que cumpren unhas condicións estandarizadas fixadas polo organizador que se han de cumprir en cada unha das sedes, o que impide a negociacións destas condicións xa fixadas.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da produción do evento, o proceso de negociación versará unicamente sobre o prezo do contrato.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por SETPOINT EVENTS S.A., nos que fai referencia a un retorno económico de 646.648,00€ de retorno estimado só en imaxe en medios de comunicación e RRSS, e confirmadas pola empresa SILVIA PEREZ BUGALLO-DIFUSION CIF A44088318D sobre seo retorno publicitario que figura na propia proposta.

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

#### II.5 Revisión de prezos

Tendo en conta que o obxecto do contrato é do patrocinio publicitario sobre o desenvolvemento do evento VIGO OPEN DE PÁDEL-WORLD PÁDEL TOUR, que terá lugar nunha data determinada entre as partes, e atendendo a que a negociación se baseará no prezo do contrato, non procede ningunha revisión do prezo.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

Admítese a subcontratación. Non se determinan tarefas críticas.

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución iniciarase ó día seguinte ao da formalización do contrato e rematará aproximadamente 30 despois do remate da celebración do evento prevista para o día 14 de maio de 2023.

2.- Esta data poderá ser cambiada coa conformidade do patrocinado, se se deran causas que o xustifiquen, sen que poida ter repercusión económica ningunha nin considerarse modificación do contrato. Deixarase constancia no expediente das citadas causas.



## Concello de Vigo

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

### II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do contrato será a o Xefe do Servizo de deportes-Director deportivo.

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 900.000,00 €, en virtude do establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

### II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario as seguintes:

- Considerarase condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores. Co obxecto de poder comprobar o seu cumprimento o contratista remitirá mensualmente coa factura os seguintes documentos:

- Relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual.
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagamento nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito da certificación presentada.

- De tipo ambiental:

- Xestionará os residuos xerados durante a execución do contrato, tales como carteis e outros, e garantirá a súa correcta xestión. Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

- De tipo social:

- Toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizarán unha linguaxe inclusiva e fomentarán unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

### II.13.- Causas de resolución do contrato:

1.- Serán causas de resolución do contrato, ademais das especificadas no Código civil, as establecidas nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei, nos artigos 109 a 113 do RLCAP, e a seguinte:

a) Que o contratista perda os dereitos de exclusividade sobre o “WORLD PADEL TOUR”.

2.- Se concorrese a causa de resolución prevista no subapartado a) do apartado anterior, o contratista deberá indemnizar ao Concello co 20% do prezo do contrato en concepto de danos e perdas.

#### II.14.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os eventos deportivos de natureza semellante organizadas nos tres últimos anos.

Codificación do obxecto do contrato:

- CPV: 79342200-5 “Servizos de promoción”
- CPV: 9839000-3 “Outros servizos”

#### II.14- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro por canto as calidades técnicas e persoais do cedente son a razón determinante da adxudicación do contrato.

### **III.-Proposta**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do “Vigo Open de Pádel-World Pádel Tour”, a mercantil Setpoint Events S.A., como organizador exclusivo do evento.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 25 de abril de 2023.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo, con data de 25 de abril de 2023.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 450.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 78.099,17 euros.

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 34102279907 do remanente nº de operación 13410 “Promoción Marca Vigo” do vixente orzamento municipal.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 371.900,83 euros.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez